

II. POESÍA

II. 1. POETAS GALEGOS

Aira, Carlos, *Prender os fachos, compoñer os ósos*, XXXIV Premio de Poesía Cidade de Ourense, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 283, setembro 2019, 52 pp. (ISBN: 9788494916434).

Poemario de Carlos da Aira (Elgoibar, Euskadi, 1972), que recibiu o XXXIV premio de poesía Cidade de Ourense. Comeza cun prólogo de Claudio Rodríguez Fer, no que se sinalan a reivindicación social e a énfase na perfección poética como características fundamentais da obra, ademais de definir a relación entre o libro e o autor como “simbiótica”. Nos seus vinte e cinco poemas alternanse o íntimo co social, a problemática do rural fronte á urbana ou o galego xunto co foráneo. En efecto, deféndese o modo de vida da aldea anterior á industrialización e ao capitalismo, culpábeis das desfeitas urbanísticas, culturais, económicas e incluso da psicoloxía das persoas. A guerra civil e o franquismo tamén están presentes, ao igual que a monarquía. Ademais gábase a poesía como ben que pertence a todos e todas. A concepción da vida e do tempo trátanse, ás veces, con cuestións banais. Remata cunha chamada a loitar por todo aquilo que se expuxo.

Alonso, Xurxo, *Oracións profanas*, III Premio Xosé María Díaz Castro, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, xaneiro 2019, 54 pp. (ISBN: 978-84-947906-9-0). ♦

Poemario de Xurxo Alonso (Buenos Aires, 1956), que recibiu o III Premio de Poesía Xosé María Díaz Castro. Ábrese con dúas citas, unha de Fejtő e outra de Claudio Rodríguez, nas que se reflexiona sobre o tempo. A continuación, séguelle o prólogo escrito por Xosé María Álvarez Cáccamo. Este cualifica a obra como unha “autopoética”, composta por abondosas referencias sensoriais e conceptuais, cuxo obxectivo é a “procura das razóns do enigma cósmico, histórico e existencial”. Cun total de trinta e catro poemas, trátase de darlle resposta á orixe do cosmos ou ao sentido da existencia humana, valéndose dunha linguaxe ás veces hermética. O propio título da obra, totalmente antitético, xa deixa translucir certa preferencia por unha temática intimista, existencialista e fortemente vencellada a elementos como o mar, a natureza ou o amor.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Xurxo Alonso, pintor e poeta”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23 / *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “Madia leva”, 8 xuño 2019.

Artigo sobre as facetas de pintor e poeta de Xurxo Alonso, no que recolle as verbas do autor Pepe Cáccamo, prologuista de *Oracións profanas*, nas que se refire a el como un explorador infatigábel e indica que “sorprende, abraia, emociona a titánica vontade do artista Xurxo Alonso, destinada a construír coa dobre linguaxe dunha entregada dedicación binocular (Poesía e Pintura, dous ollos complementarios para unha única visión) o museo de todas as causas, a borxiana biblioteca infinita”.

Araguas, Vicente, *O amor non se fala soamente: ronsel do 68*, A Coruña: Medulia Editorial, col. Poesía, n.º 9, outubro 2019, 42 pp. (ISBN: 978-84-120579-7-3).

Poemario de Vicente Araguas (Xuvia, 1950) acompañado de ilustracións de cuberta e interiores de Manuel Patinha. Trátase dun libro no que, outra vez, abrolla a memoria do universo vivencial e experiencial que supón aquel mes de maio do ano das revoltas estudiantís pois non en van avisa no subtítulo do libro que hai unha liña de preocupación situada no “ronsel do 68”. É este un libro marcado por dous eixes como resultan, por un lado, a proxección do que se evoca con limpeza e transparencia a través das vivencias persoais e intimistas, mais dalgún xeito colectivas para toda unha xeración, experimentadas naqueles anos: un tempo que é “luz, tambor, bandeira” en que o tamén o autor chega a Compostela. Polo outro salienta con forza o pouso imperecedeiro que deixa o amor, dalgún xeito tamén a revolución sexual, suturada no medio e medio daquelas vivencias de mocidade.

Asorey, Daniel, *Transmatria*, XXI Premio Johán Carballeira de Poesía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, febreiro 2019, 72 pp. (ISBN: 978-84-9121-477-9).

Poemario de Daniel Asorey (Santiago de Compostela, 1970) que acadou o premio Johán Carballeira de Poesía en 2018 e que pode definirse en termos de transgresión e de renovación temática e lingüística. O punto de partida é a concepción do corpo como un mecanismo de mudanza ou transformación; un corpo ollado oblicuamente, en ocasións a través del mesmo, para expresar unha desconformidade entre o sexo e o corpo biolóxico e o sexo e o corpo psicolóxico dunha persoa. Está segmentado en tres partes e converte o periférico e marxinal, ou o así considerado patriarcalmente, en nuclear e substantivo. Pairan nestas páxinas moitas memorias: as do amor e a liberdade que, no fondo, son unha; tamén as memorias da violencia, da institucional e da cotiá, e todas expresadas con trazo limpo, rápido e contundente. O ton reivindicativo que envolve o libro erixe naturalmente un canto esgazador que defende o dereito a vivir, a sentir e a termar do propio futuro. A transmatria son territorios, son corpos “eivados, / mutilados, / sinalados, / odiados”, mais tamén a transmatria é anticapitalismo, insubmisión, ecoloxismo e feminismo. É unha defensa das propias conviccións contra a uniformización e o exterminio de todo canto se amosa como distinto. É un canto a prol da resistencia, vizoso e plural, poderoso e vibrante.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Un corpo. Un continente”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 174, 10 marzo 2019, p. 6.

Recensiona o poemario *Transmatria* de Daniel Asorey, sinalando, en primeira instancia, o feito de que alcanzase o XXI Premio Johán Carballeira de Poesía. Do libro di que se trata dun afouto percorrido polo corpo como espazo da resistencia, pero tamén como berro para definir unha identidade íntima que xorde da terra e do que nos rodea e que adoita domesticarnos sen apenas facerlle fronte.

- Román Raña, “Liberando o corpo. Unha insurrección íntima e plural”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 719 “Libros”, 27 xuño 2019, p. VI.

Recensiona o poemario de Daniel Asorey indicando que é un xeito de reclamación de insurrección íntima e plural das funcións culturalmente asociadas ás mulleres, a reprodución e a submisión. Ante isto, demanda confrontarse aos poderes establecidos e arrincar a ideoloxía que segue a promover a desigualdade e que supón unha gaiola para o desexo.

Referencias varias:

- Montse García, “Daniel Asorey”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 12 marzo 2019, p. L9.

Informa sobre a presentación de *Transmatria*, na librería Chan da Pólvora, onde estará acompañado por Susana Aríns, Laura Bugallo e Fran Alonso.

Cabada, Marcus Daniel, *Metafísica da ausencia*, Pontevedra: Editorial Uratau, xaneiro 2019, 53 pp. (ISBN: 978-85-7105-053-2)

É este un poemario composto por un prefacio (“Welcome to the river”) coa autoría de Tamara Andrés, dezanove poemas que seguen unha estética concreta como se sinalará a continuación, e un posfacio (“Partida de fosfenos”) da autoría de Israel San Martín. Os poemas que compoñen o libro son os titulados “Dúas veces breves”, “O círculo”, “O fluxo”, “Páxinas abertas”, “A procura”, “Sempre nada”, “A mentira”, “Heráclito”, “O proceso de descoñecer”, “Nun momento”, “Palabras como flores”, “Consagración poética”, “Mimese / reminiscencia”, “O recordo”, “A ninguén”, “Esa nostalgia”, “O legado”, “Ars poética” e “O fin”. Como xa se adianta dende o prefacio do libro, é un poemario atravesado pola estética, propia da tradición literaria máis consolidada, da constante perda determinada polo fluír constante e irremediábel da realidade, e do poeta como observador minucioso de tal fluír que lle suxire, nunha constante, dúbidas e reflexións de todo tipo; como a da alteridade, que destaca de entre todas estas reflexións, que se traduce nunha débeda co outro para superar a soidade que provoca o propio fluír do todo. E do nada.

Referencias varias:

- Belén López, “Marcus Daniel Cabada. ‘Teño a sensación de estar ante un novo comezo’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 febreiro 2019, p. 12.

Recóllese unha entrevista ao autor na que fala sobre o poemario, sobre a súa situación no sistema literario e sobre o seu interese pola filosofía. Anúnciase tamén a presentación do libro o 3 de febreiro, nun acto no que o poeta estará acompañado por Wladimir Vaz, Santiago Israel Sanmartín, Silvia Penas e Tamara Andrés.

- Cuca M. Gómez, “Segundas partes sí pueden ser buenas”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “Vivir Aquí”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 4 febreiro 2019, pp. 34-35.

Indica que acudiu á presentación de *Metafísica da ausencia* no Espazo Nemonon de Pontevedra o 3 de febreiro, na que o autor estivo acompañado por Wladimir Vaz, Israel Sanmartín, Silvia Penas e Tamara Andrés.

- Montse García, “Marcus Daniel Cabada”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 13 febreiro 2019, p. L9.

Informa da presentación do poemario *Metafísica da ausencia*, de Marcus Daniel Cabada, que estará acompañado polo editor Wladimir Vaz e os poetas Antón Lopo, Carlos Lixó e Arancha Nogueira.

Callón, Carlos, *Inscripcións*, Vigo: Galaxia, col. Dombate, n.º 81, febreiro 2019, 128 pp. (ISBN: 978-84-9151-303-2).

Poemario de Carlos Callón (Ribeira, 1978), que se compón internamente de cinco seccións diferenciadas entre si, aínda que comparten, en certo sentido, temática e estrutura. A vida e a morte son centrais na obra. No apartado de “Cuspe dos mortos”, reflíctese a importancia do recordo e da memoria dos finados, ademais do forte poder de escribir para ordenar os pensamentos propios e para describir o inefábel. En “Non é o deserto”, trátase un amor moi vencellado á empatía e ao altruísmo, xunto coa axuda das palabras nos malos momentos. Tamén se reflicte o paso do tempo, a morte e, quizais, unha concepción do tempo circular, na parte de “A dor destrúe os mapas”. Cabe sinalar a aparición do “Wanderlust”, é dicir, o desexo de camiñar e coñecer mundo. Ao igual que nas anteriores, fálase da poesía como o instrumento para tratar de encher os baleiros existenciais. En “Residuos sen orde”, conxúganse tempo, amor e vida, chegando a mesturárense estes conceptos entre eles para evocar o alén, a busca interior, o desamor ou a vida dos entregos Finalmente, en “As mans” o tema central é a relación que se establece entre nai e fillo: o agarimo, a personalidade, as lembranzas, a educación e, sobre todo, a despedida.

Recensións:

- Román Raña, “Gravar para o perenne. Tatuando as palabras no silencio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 717, “Libros”, 13 xuño 2019, p. VI.

Recensión do poemario de Carlos Callón, na que se indica que o poeta trata de gravar as experiencias fuxidías da vida. Así mesmo, sinálase que na obra comparecen os signos do paso do tempo; nas súas estrofas concisas, aparecen os mortos e a dor ante a súa perda.

Castro, Amauta, *A tarde. O desacougo*, XXXI Premio nacional de poesía Xose María Pérez Parallé, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 281, xaneiro 2019, 83 pp. (ISBN: 978-84-949164-0-3).

Gañador do XXXI Premio nacional de poesía Xose María Pérez Parallé, e este un libro dividido en catro partes ben diferenciadas, “A tarde. O desacougo”, “Invocación da linguaxe”, “Nada deste ridículo” e “Toda desolación sen acougo”. Na primeira das partes, composta por doce poemas, salienta unha voz poética que se dirixe a un *ti* e que se acaba fundido, coa primeira, nun *nós* ao compás do paso do tempo; todo isto previo ao primeiro dos poemas, a modo de declaración total de amor. Na parte segunda, “Invocación da linguaxe”, comezan unha serie de reflexións sobre o que a poesía é, o seu proceso de composición e as inseguridades e posterior aceptación, a motivación á hora da súa síntese

ou a finalidade da propia expresión poética. Prosegue “Nada deste ridículo”, con composicións baseadas en distintas afirmacións de índole metafísica ou moral con versos coma os correspondentes ao poema XII (“Piedade é / apertar entre as mans a menos alta ponla”). Remata o libro con “Toda desolación sen acougo” onde a escuridade, a sombra ou o negro cobran lugar especialmente, ao reflexionar sobre o dinamismo, o cambio e o mesmo paso do tempo, que van dando lugar a, cada vez, unha aparencia da realidade constantemente distinta.

Recensións:

- Mario Regueira, “A arte do esencial”, *Sermos Galiza*, n.º 364, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 19 setembro 2019, p. 6.

Repasa a traxectoria de Amauta Castro co gallo da publicación do poemario *A tarde. O desacougo*, co que obtivo o Premio Péres Parallé. Do libro comenta que se trata dunha pescuda que convida a viaxar polo esencial da mensaxe poética na procura do toque impresionista. Tamén indica, no tocante á forma, que se compón de imaxes rotundas e expresións que rozan o epigrama, presentadas case sempre como poemas curtos.

Chapela, Xurxo, *Mudanzas*, Santiago de Compostela: Editorial Positivas, col. DiVersos, n.º 59, setembro 2019, 38 pp. (ISBN: 978-84-120184-9-3).

Esta obra asinada por Xurxo Chapela (Carballo, 1968) contén dezasete composicións escritas en prosa poética que abordan a temática do desamor dende o punto de vista subxectivo do propio autor, que se identifica nun verso do poema “Sarcoma” (“Chámanme chapela dende que teño memoria”, v. 16). A obra ábrese con dúas citas, situadas unha a continuación da outra. A primeira procede da obra *Entre outras cosas*, do poeta arxentino Virgilio Expósito, e segunda está extraída de *Posesión celestial*, de Ramón Irigoyen. Despois destas dúas citas iniciais, preséntase o corpo do poemario, composto, como xa adiantamos, por dezasete composicións, cuxos títulos recolleamos a continuación: “Tarde de cade(l)as”, “O amor sucede noutra parte”, “Algo máis dun metro escaso”, “Ol’55”, “Sarcoma”, “Venres”, “O mesías da cinta adhesiva”, “Leva, sen ti, chovendo oitenta días”, “Nihil obstat (paráfrase)”, “Non están postas as rúas”, “Saba pechada”, “Tatto e brackets”, “Shadowman”, “Non hai cantos neutrais”, “Óptica e estranxeira”, “Telefonía” e “Anel de picas (barállame)”.

Recensións:

- Román Raña, “Ósos de area. Das queimaduras do desamor”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 736, “Libros”, 12 decembro 2019, p. VI.

Explica que a poética de Xurxo Chapela parte de referencias da cultura *pop*, para introducir elementos de requinte que se aparelan perfectamente co rexistro coloquial. Identifica nas temáticas da obra a decepción, a cruel metamorfose do adeus e a paixón que se apaga.

Referencias varias:

- José Manuel Ramos, “Sons de tres países na vinte e dúas edición do Xiria Pop”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 setembro 2019, p. 29.

Dá conta da presentación do poemario *Mudanzas* de Xurxo Chapela no marco da celebración da 22 edición do festival independente Xiria Pop organizado no Carballiño. Sinala que o acto ten lugar no Casino de Carballo o día 13 de setembro.

- O. U. V., “A imposibilidade do amor’ contada a través de poemas con ‘ cousas de andar por casa”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 17 setembro 2019, p. 36.

Informa de que o escritor e xornalista Xurxo Chapela presentou o día 16 de setembro na librería Berbiriana da Coruña a súa última obra, titulada *Mudanzas*. Así mesmo recolle algunhas declaracións do propio autor a respecto do libro, quen di que se trata dun feixe de poemas narrativos que versan sobre amores podres.

- Santiago Jaureguizar, “Nós poucos felices, nós irmandiños”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 198, 22 setembro 2019, p. 8.

Co gallo da publicación do último poemario do escritor coruñés Javier Peña, reflexiona sobre o papel dos críticos e disertadores e apunta que, xunto ás análises da métrica e das figuras retóricas, el incluíría a categoría de discursos de precisión e neste sentido sinala que foi o poemario *Mudanzas* de Xurxo Chapela o que lle fixo descubri-lo.

- Montse García, “Xurxo Chapela”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 18 outubro 2019, p. L9.

Faise eco da presentación do libro de Xurxo Souto na Casa das Crechas, na que estará acompañado por Francisco Macías e Valeria Pereiras.

Cib, Xabier, *As bicis*, XXI Premio de Poesía Concello de Carral, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 282, maio 2019, 44 pp. (ISBN: 978-84-949164-2-7). ■

Poemario asinado por Xabier Cid (Ourense, 1975) que resultou gañador do XXI Certame de Poesía do Concello de Carral, correspondente ao ano 2018. A cuberta da obra presenta unha imaxe distorsionada sobre un fondo negro, polo que resulta complexo identificar o que representa. Tras as dedicatorias iniciais coas que se abre o poemario, escrita a primeira en galego e a segunda en inglés, atopamos os oito poemas que integran o libro. Ningún deles presenta título, mais todos están numerados na parte superior esquerda da páxina en que comezan, tendo aparentemente como tema central a nada, tal e como se reflicte no primeiro verso da composición inicial (“Escribirei uns poemas que non falen de nada”).

Referencias varias:

- Montse García, “Xabier Cid”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, “Presentacións”, 4 xuño 2019, p. L10.

Informa da presentación do libro o 4 de xuño na librería Couceiro, na que participarán o autor e Vicente Vidal. Amais, explica que, para a escritura da obra, se inspirou nun poema provenzal do século XI de Guillerme de Aquitania.

Darriba, Manuel, *Santa morte*, Vigo: Galaxia, col. Dombate, n.º 83, abril 2019, 116 pp. (ISBN: 978-84-9151-322-3).

Poemario de Manuel Darriba (Sarría, 1973) composto por cincuenta composicións tituladas cuxa fotografía de cuberta representa unha moza, practicamente espida, relaxada ou durmida. O tempo e o seu transcorrer, xunto coa morte, son a temática dos poemas, artellados con vimbios narrativos, nos que sombras e luces son obxecto de metáforas varias. Na obra atopamos diferentes voces poéticas que se combinan entre si e que unha sutil ironía que está presente en moitas as composicións.

Recensións:

- Román Raña, “Serenos escepticismo. A metáfora dunha ausencia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 725, “Libros”, 26 setembro 2019, p. VI.

Recensión da obra de Manuel Darriba, a quen considera un dos máis interesantes narradores da súa xeración. Loa neste volume o magnífico uso das figuras poéticas e a sutil ironía presente en numerosos poemas. Enmarca o poemario nun sereno escepticismo cargado de profundidade.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos e Mercedes **Queixas Zas**, *Partituras*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ventoalto, n.º 6, xullo 2019, 134 pp. (ISBN: 84-8487-448-5).

Este é un poemario que xorde do traballo colaborativo entre Xoán Carlos Domínguez Alberte (Ramirás, 1966) e Mercedes Queixas Zas (A Coruña, 1968), que desenvolveron unha escrita conxunta. A obra ábrese cun prólogo de Ramón Nicolás titulado “A voz que se desdobra” no que se explica que *Partituras* bebe directamente da tradición do *partimen*, xénero de escaso pero brillante cultivo na nosa tradición literaria medieval, considerado unha variante das populares tenzóns nas que articulaban dúas voces poéticas. A continuación, atopamos un prólogo dos propios autores que leva por título “Arte poética” no que se presenta a obra como como un “exercício pioneiro e consciente na literatura galega” e, inmediatamente despois, encontramos as cen composicións que integran o poemario. Nelas, abórdanse temáticas moi diversas, como a sensualidade, a nostalxia, o simbolismo, a memoria etc., sempre dende a perspectiva dunha voz poética que se dobra e se desdobra. Acompañando os poemas, atopamos unha colección de imaxes en branco e negro da autoría de Baldo Ramos, que confiren unha maior significación aos versos das composicións.

Recensións:

- Mercedes Queixas Zas e Xoán Carlos Domínguez Alberte, “O contacto da distancia”, *Sermos Galiza*, n.º 373, “*fóradeserie*”, “literatura”, 21 novembro 2019, p. 7.

Definen o poemario como a “conversa cruzada a través dos fíos (ir)reais da comunicación electrónica contemporánea”. Explican que é un conxunto de cen poemas que dialogan a

dúas voces tratando de aproximarse para construír un discurso de voces complementarias. Animan ao lectorado a ler o poemario en dirección única ou ben en sentido contrario.

Estévez, Eduardo, *[sen-fin]*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. DiVersos, abril 2019, 49 pp. (ISBN: 978-84-94933660).

Este poemario asinado por Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969) contén vinte e tres composicións nas que predomina a aparencia fílmica, como se aprecia xa nos primeiros versos do poema que abre a obra (“a escena comeza / cun cadáver / boca abaixo no centro da rúa). As composicións, todas elas sen título nin numeración, unicamente co primeiro verso resaltado en letra grosa, presentan unha temática variada e destacan pola completa ausencia de signos de puntuación.

Recensións:

- Román Raña, “Singular poética. A lembranza no cotián”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 726, “Libros”, 3 outubro 2019, p. VI.

Explica que o poemario vai mostrando escenas, semellando secuencias cinematográficas. Indica que representa un escenario doméstico no que se desenvolven complexas realidades de sentimentos profundos.

Referencias varias:

- Montse García, “Eduardo Estévez”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Agenda*”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 10 outubro 2019, p. L9.

Faise eco da presentación do poemario en *Huargo Artis*, en Bertamiráns.

Ferradáns, Míriam, *Agosto*, Santiago de Compostela: Edicións Apiario, col. Pan de Abella, n.º 4, novembro 2019, 20 pp. (ISBN: 978-84-947389-5-1).

Poemario breve, en forma de *plaque*, composto por doce poemas de curta extensión; introducidos á súa vez, con versos de Christian Bobin (“Hablar de verdad, es amar, / y amar de verdad, no es brillar, es arder.”). Todos os doce poemas seguen unha mesma estética, concisa, coa xusta medida da metáfora, que contan, na súa unión, a desgraza da perda dunha amiga nun accidente de tráfico, como revela a quinta das composicións (“A miña amiga estivo oito días nun conxelador. / Matouna un coche vermello que fuxía / da policía, en Arousa. (...)”). Ao redor deste feito vanse tendendo fíos ao longo do resto de poemas, nos que se rebelan as emocións que suceden ao fatídico suceso e que, á súa vez, se relacionan co propio ambiente de verán xa esmorecente de agosto. É así como aparece a figura da amiga desaparecida no símbolo do tulipán, que se ben nos primeiros poemas chegan (“Tróuxoas el. Pedínlle un par de flores para / a habitación. Prefiro as brancas. Sábeo); acaban desaparecendo nos últimos (“Hoxe caeron os primeiros pétalos. As miñas / flores están fanadas. (...)”).

Recensións:

- Ramón Rozas, “Esencia poética”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 209, 8 decembro 2019, p. 4.

Salienta a brevidade do poemario que deixa fonda pegada no lector. Destaca a complicidade coa escrita que crea a través dos termos “tulipáns”, “morte”, “mariñeiros”, “amigas”, “ferida”, “tacto”, “baleiro” e “terra”.

- Vicente Araguas, “Os tulipáns de agosto”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*” / *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*” / *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.120, 29 decembro 2019, p. 32.

Loa a beleza que transpira o poemario, tanto polo contido como pola edición e salienta que é posuidor dunha estética apolínea. Un volume, segundo cualifica, mínimo, minimalista, con poesía con capacidade de implicar ao lectorado.

Referencias varias:

- Irene Pin, “Do 30-N ao 1-D en Pontevedra. A cultura vai á feira”, *Sermos Galiza*, n.º 374, “*fóradeserie*”, 28 novembro 2019, pp. 2-3.

Anuncia a celebración dunha nova edición do Culturgal no Pazo da Cultura de Pontevedra e fai un breve repaso das distintas actividades nos distintos espazos que conforman o evento. No plano da literatura menciona as distintas obras que serán presentadas, entre elas *Agosto*, o último poemario de Míriam Ferradáns.

- Ramón Rozas, “Culturgal. Apuntes na crista do galo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 2 decembro 2019, p. 8.

Breve crónica sobre a celebración do Culturgal, na que amenta a obra de Míriam Ferradáns, *Agosto*.

- José Miguel Giráldez, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita o poemario *Agosto* de Míriam Ferradáns.

Forcadela, Manuel, *Fábula das aves*, Santiago de Compostela: Laivento, col. Ventoalto, n.º 8, 2019, 130 pp. (ISBN: 84-8487-462-1).

Este poemario de Forcadela, atravesado por Lois Pereiro, William Shakespeare ou Salvatore Quasimodo, ten como substrato a reflexión sobre a linguaxe e a poesía (“Poesía, / Perenne altar dos sacrificios da linguaxe (...) Foron moitas no decurso das voces dos séculos / As linguaxes que te amaron”, páx. 14; “Non hai maxia ningunha no voo da poesía / Hai arte e sortilexio, procura dunha porta / Que dea para un prado con lúas acendidas, / Que dea para un pozo con auga de diamantes”, páx. 36). Tamén están moi presente o (des)amor, a fugacidade e o esquecemento, nomeadamente dos poetas (“oh torres de poetas que o século abrasou / escuros refugallo de cal e esquecemento”, páx.

17), congregados nunha nación que a voz poética desertou (“Falareivos da nación / Neboenta dos poetas / República infeliz / Xardín queimado / Hai xa tempo que deixei / na distancia os seus outeiros”, páx. 21). En *Fábula das aves* atopamos poemas exentos e series poéticas nas se agrupan, baixo unha temática, creacións interdependentes: “Carta de viños” (con poemas que toman por título denominacións como Chandon de Briailles, Muscadet ou Medoc), “Estampas clásicas” (onde atopamos creacións que parten das figuras de Aquiles, Sócrates, Ariadna, Narciso, Hamlet, tamén Nietzsche, Adrián Solovio ou Marlene Dietrich) e outras nas que as partes, no canto de títulos, levan no epígrafe numeración romana: “epístolas de ninguén”, “Interpretacións de Claude Lorrian”, “Saturno”, “Cidade de Saturno”, “Fotos de familia” e “As áncoras da luz e as rodas de Saturno”. Despois dun poema titulado “Final”, o último texto do libro é un “Altar” no que se deitan ‘nove banzos para unha poética do imposible’ no que, entre outros, afirmase: “o autor é como o dono dunha fonte. Pode posuír o cano. Mais a auga non é súa. Nin antes nin despois”, “o poeta colinda co pecador e o delincuente. O seu refuxio na linguaxe é unha fuga do cárcere do mundo” ou “Digo. E, dicindo, o mundo é aínda máis inefable” (páx. 129).

Recensións:

- Román Raña, “Con fulgurante harmonía. Alquimia e talento”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 737, “Libros”, 19 decembro 2019, p. VI.

Sobre o poemario de Manuel Forcadela, a quen considera un dos mellores versificadores das nosas letras, salienta que é unha proposta a entrar na melancolía. “Un non-lugar de encontros e de fugas, de éxtases e de olvidos, delirio e rigor”. Afirmo que as súas composicións exercen sobre o lector unha poderosa fascinación, ao asentarse na posesión dun mundo que nos desposúe e no entusiasmo das musas que a razón ripa.

Gómez, Noelia, *O xiro*, V Premio de Poesía Gonzalo López Abrente, Vigo: Xerais, col. Poesía, n.º 58, marzo 2019, 72 pp. (ISBN: 978-84-9121-457-1).

Poemario dividido en tres partes, “Contorno”, “Eixe” e “Desprazamento”, que son, á súa vez, introducidos por cinco versos que condensan o que o poemario trata (“Situarse no eixe / sabendo que nunca chegarán os 360º // percibir o xiro / atravesar a escrita // o ardor do que se aprende”). Compoñen, deste xeito, “Contorno”, entre outros, os poemas comezados polo verso “A cheminea expulsa fume devagar”, “Os albaneis son escultores”, “*Que nazan sas*”, “O cesto na cabeza”, “É a escrita o primeiro alfabeto”, “Coñecen de memoria as ofertas do supermercado”, “O ulir da roupa na cociña de ferro”, “Tardes cargando leña no remolque”, “Poñémoslles misas ás mortas para non esquecer”, “A máscara da soldadura”, ou “Á miña irmá gustáballe xogar na parroquia”. Algúns dos poemas de “Eixe” son os comezados “O choro ten as cores dos semáforos (...)”, “A escultura grega”, “90 60 90”, “O sangue é o zume dos castiñeiros”, “No cuarto”, “A escita da soidade”, “Ninguén poñerá un prato enriba da mesa”, ou “A linguaxe é o corazón da loita”. E finalmente é composto “Desprazamento” por poemas como os comezados por “Abrir as persianas na chegada do sol”, “As olladas que transitan as rúas”, “Hai lugares que semellan mapas calcados en ventás”, ou “No tren voltear o verde”. É este un poemario que se introduce no propio da estética posmoderna, onde a reivindicación (feminista, do rural) se une á constatación de que mediante a linguaxe pode cambiar a realidade; e todo isto nunha estética do cotián.

Recensións:

- Román Raña, “Impacto expresivo. Unha poesía imbuída de precisión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 705, “Libros”, 28 marzo 2019, p. VI.

Debulla as tres seccións nas que se divide o poemario galardoado co V Premio de Poesía Gonzalo López Abrente e salienta que contén unha poesía “imbuída de precisión, de fondas filigranas, de impacto expresivo”.

Gracián, Ánxela, *Memoria iluminada*, ilust. Sheila Rodríguez, música Emilio Rúa, Silleda: Edicións Fervenza, maio 2019, 48 pp. (ISBN: 978-84-17094-62-1). Contén CD.

Volume dedicado ao recoñecemento de todas as mulleres do rural, especialmente ás do Concello de Castroverde, terra natal da autora, polo seu labor transmitindo a palabra oral. Armando Requeixo asina un limiar titulado “Fulgur azul” no que percorre as temáticas abordadas na obra – a familia, as paisaxes, o territorio, a nenez – e sinala a influencia de Hãnke, Lupe Gómez, Olga Novo, C. Rodríguez Fer, Rilke, Rosalía, Marica Campo, Neves Soutelo, Pimentel, Pizarnik e Valente, entre outros. Os poemas recollidos no volume da autoría de Ánxela Gracián, musicados por Emilio Rúa e ilustrados por Sheila Rodríguez Mosquera son: “E se a beleza fose sempre a nosa última imaxe?”, “Memoria iluminada”, “Casa”, “Vivir na pedra”, “Para falar de min mesmo”, “Dende aquela tarde de abril”, “Son ese home só”, “Na feira do trece de Adai”, “Non vos confundades nunca”, “Insuas”, “Aprender a alpeirar costa arriba”, “Déchesme a beber do teu ‘Lehoy’”, “Palabras de cuco”, “Mazás”, “Sei que debería facer desta paisaxe de luz”, “Só isto pido”, “Agora vivo aquí” e “Dixéchesnos adeus”. Pecha o volume cunha biografía da autora e outra do músico.

Referencias varias:

- Sonia Portela, “Poesía musicada”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A la última”, 19 xuño 2019, p. L10.

Informa da presentación do libro no Pazo de San Roque, na que participaron a poeta Ánxela Gracián e o músico Emilio Rúa, que estiveron acompañados por Mario Regueira e Anxo Lorenzo.

Gómez Pato, Raúl, *Círculo*, Santiago de Compostela: Positivas, col. DiVersos, marzo 2019, 68 pp. (ISBN: 978-84949-33-67-7).

Poemario de Raúl Gómez Pato (Ourense, 1966), que dedica “á memoria de Agustín Fernández Paz”. Nos paratextos iniciais recóllense citas do propio Agustín Fernández Paz en *Non hai noite tan longa*, de Ramiro Fonte en *O cazador de libros* e de Ezra Pound en *Cantos*. Abre o libro unha introdución na que recolle unha cita sobre o movemento circular de Marsilio Ficino, na que versa sobre a manifestación da existencia e a memoria. Estruturalmente, o libro divídese en tres apartados “Retorno”, “Espellos” e “Fuxida”. Na primeira parte, evócanse os antepasados e elúdense a figuras do alén: “resucitando as vellas pantasma / que hogano veñen examinarnos / arremuiñadas nun lume fatuo / que atravesa

a estancia / como unha fera danada” (p. 21). En “Espellos”, agroma o amor “Se non amamos, castígnanos os insectos” (p. 45). E, en “Fuxida”, onde aparece a chamada da morte “é obrigatorio deterse cando a morte chama . / Non queiras perseverar na infidelidade ao seu apreixo.” (p. 64).

Recensións:

- Mario Regueira, “Pasos de fantasmas”, *Sermos Galiza*, n.º 355, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 17 xullo 2019, p. 6.

Destaca a perspectiva existencialista do poemario, no que se aborda a relación entre a existencia e a memoria. Sobre a primeira parte, indica que percorre un conxunto de presenzas espectrais; na segunda, aparecen os sentimentos románticos; na terceira, enfróntase ao paso do tempo; e, na parte final do libro, irrompe a transformación que semella sinalar a morte.

- Montse García, “Poemas de Gómez Pato”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 22 novembro 2019, p. L10.

Informa do recitado de versos dos libros *Círculo e Sal, auga e vinagre*, de Raúl Gómez Pato en Chan da Pólvora.

Martínez Fuentes, Emilia, *Lendas e versos*, Granada: Aliar Ediciones, xuño 2019, 134 pp. (ISBN: 978-84-949983-2-4).

Primeira obra en solitario da monferesa Emilia Martínez Fuentes, autora que ten participado en diversos poemarios colectivos como a *Colectânea de Poesía Luso-Galaica* entre Portugal e Galicia. *Lendas e versos* ábrese cunha dedicatoria inicial dixirida ao pai da poeta, seguida dun limiar asinado por José Carlos Ulloa García en que se loa o traballo da autora e se analizan algunhas das claves interpretativas do libro. A continuación, atopamos a cerna da obra, estruturada en dúas partes claramente diferenciábeis: a primeira, titulada “Lendas e versos”, recolle dezaioito historias que Emilia Martínez viviu durante a súa nenez arredor das Fragas do Eume; mentres que a segunda, “Berce de versos” é un poemario de carácter intimista e persoal integrado por sesenta e sete composicións nos que a autora busca expresar que é para ela a poesía (“un longo camiño sementado de luces e sombras, de ledicias e de tristuras, retallos dun anaco de corazón...”).

Referencias varias:

- S. Iglesia, “Presentación de ‘Lendas e versos’ en Vilalba”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “Eventos”, 9 xuño 2019, p. 8.

Informa da presentación do primeiro poemario de Emilia Martínez Fuentes no Centro Cultural Recreativo de Vilalba, nun acto no que doce persoeiros da cultura entoaron composicións da obra. Ao evento asistiron a ilustradora, Isabel Pardo, e o autor do prólogo, José Carlos Ulloa.

Miragaia, Manuel, *O sentido do infinito*, Pontevedra: Editora Urutau, xuño 2019, 104 pp. (ISBN: 978-85-7105-110-2).

Poemario de Manuel Miragaia escrito seguindo a norma reintegracionista. Nas lapelas da portada e da contracuberta recóllense opinións críticas do propio volume de Amadeu Baptista, João Morgado, Reynaldo Bessa, Roseli Arruda e Xulio López Valcárcel. O volume versa sobre o infinito e a propia consciencia da finitude. Nos paratextos iniciais, o autor recolle citas de Heráclito, Pitágoras, Lao Zi, Platón, Ovidio, Michel de Montaigne, Giordano Bruno, Baruch Spinoza, Albert Einstein, Luis Cernuda, Pablo Neruda e Czeslaw Milosz. O libro segméntase nunha primeira sección chamada “Génese e apocalipse”, á que seguen os poemas “Poesía e Filosofía”, “O espello”, “Existência”, “A dor”, “Velório”, “Abismo”, “Nos días finais”, “O sentido da vida”, “Amante da Lua”, “Amigos e sábios”, “A esperanza da alteridade”, “Finitude/infinitude”, “As metamorfoses”, “Natureza” e “Sentimento oceánico”. Pecha un posfacio intitulado “O Sentido do Infinito: uma idea de crença poética!”, asinado por João Rasteiro.

Momán, Alberte, *1[14]1*, Vigo: Belagua, marzo2019, 102 pp. (ISBN: 978-84-949517-4-9).

Esta obra asinada por Alberte Momán (Ferrol, 1976) é un libro de prosa poética que, como se indica na contracuberta, “pretende unificar os xéneros lírico e narrativo, como culminación dunha traxectoria na que o autor cultivou ambos xéneros limando as diferenzas existentes entre eles”. O libro ábrese cun extenso prólogo de Henrique Dacosta López no que se fai un percorrido pola traxectoria do autor e se describen as claves interpretativas da obra. A continuación, atopamos a cerna da obra, estruturada en tres partes autónomas: a primeira, que leva por título “Exilio”, retoma algúns dos eixos temáticos de publicacións poéticas anteriores -a tensión, a resignación etc.-; a segunda, titulada “1[14]1”, divídese en catro apartados e céntrase na figura de 1[14]1; e a terceira, titulada “Poesía [ficción]”, conta a historia de dúas personaxes, ambas protagonista da acción, o propio eu poético e 1[14]1, que se atopan nunha sorte de viaxe intergaláctica. Cómpre salientar que a segunda parte, a que dá título á obra, recibiu en 2018 o segundo premio na VII edición do Certame de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro que convoca o Concello de Mondoñedo.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, “O exilio interior de Momán”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordesia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1090, 2 xuño 2019, p. 32.

Loa o prólogo de Henrique Dacosta e destaca o traballo de Alberte Momán, cuxos poemas en prosa falan de exilios interiores e exteriores cunha linguaxe e un ritmo apreciábeis.

Monteagudo, Manel, *Camiño á lagoa dos bardos*, Madrid: ViveLibro, decembro 2019, 466 pp. (ISBN: 978-8418041549).

Volume de Manel Monteagudo (Cando, Outes, 1957) no que se compila poesía e prosa poética. Na propia presentación do libro Manel Monteagudo ofrece unha breve

autobiografía na que explica que, debido ás secuelas dun accidente, tivo graves problemas de saúde durante 35 anos, e que comezou a escribir no ano 2014. Son diversos os temas que converxen no libro, tendo notoria presenza o mar: “Gustaríame darche o mar / e entre ondas arrolar os teus soños” (p. 12), a percepción do tempo: “Si o presente é presente, é / porque houbo algo que / permitiu chegar ao que son / hoxe.” (p. 21), a familia: “Abrázame forte, nai querida, / faime sentir que nunca te irás” (p. 36), o amor : “Cando chegue o teu amor, xúrote / que estarei preparado.” (p. 410), o desexo, a amizade, a frustración e o espírito de loita, as ansias de liberdade: “Como as aves necesito voar, / sucara os ceos sen pensar se / este terá un final, e poida / gozar un momento pasional.” (p. 277) e numerosos temas de preocupación na sociedade actual.

Referencias varias:

- Moncho Ares, “Despertar literario de un noiés que estuvo 35 años en estado vegetativo”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 22 decembro 2019, p. 24.

Faise eco da publicación do volume, explicando que naceu logo de que o autor pasase 35 anos en estado vexetativo. Ademais, sinala que na obra se alternan a poesía e a prosa.

Nogueira, Arancha, *#hashtags para un espazo agónico*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, outubro 2019, 33 pp. (ISBN: 978-84-120184-4-8).

Libro composto por tres partes, “HASHTAGS SOBRE O TERRITORIO”, “HASHTAGS SOBRE O BARULLO SILENCIOSO DA CIDADE”, e “HASHTAGS SOBRE TODO O QUE FICA POLO MEDIO”; precedidas á súa vez por dúas definicións, a de “hashtag ou cancelo” mais a de “espazo agónico” (esta última, en inglés por Chantal Mouffe). Todas as composicións son iniciadas por un título que segue a forma do mencionado “hashtag”. Na primeira das partes as composicións atopadas son “#planetario”, “#luxury”, “#view”, “#landscape” e “#galifornia”; na segunda parte aparecen “#streetart”, “#party”, “#love”, “#wanderlust” e “#perfectday”; e finalmente na terceira das partes as composicións son “#nunca máis”, “#fogar”, “#selfcare”, “#fronteira” e “#nofilter”, esta última actúa, á súa vez, de epílogo de todo o libro. É este un libro, como se pode comprobar dende o mesmo título, que segue a estética das redes sociais; subíndose, deste xeito, á estética do posmodernismo máis contemporáneo e recente.

Novo, Olga, *Feliz idade*, Pontevedra: Faktoria K de Libros, col. Tambo, marzo 2019, 152 pp. (ISBN: 978-84-16721-24-5).

Este poemario de Olga Novo está atravesado polo falecemento do pai da poeta e polo nacemento da súa filla, Lúa. Defínese, pois, como un exercicio literario que tece un equilibrio entre a vida e a morte. No eido formal, Novo emprega o verso libre e fai uso de dialectalismos para situarnos dende a linguaxe no seu lugar natal, no seu punto de vista fronte ao mundo. O libro comeza cunha carta a modo de limiar na que Novo se dirixe á filla para dicirlle que os poemas de *Feliz Idade*, nos que ela e mais seu avó se atopan, foron escritos ao longo de sete anos e xorden “dos amores libres, das paixóns profundas, da intensidade fértil, da escoita lúcida e da revelación”. O poemario divídese en sete partes: “Fogonazo”, “Poesía en posición fetal”, “A Lúa su o negrillo” (dedicada á filla: “Agora / eu mírote extasiada mentres dormes / e disólvome no custo fulgurante / coma

unha estrela que lle dera de mamar fósforo ao ceo”, pág. 45), “Zona tigre” (dedicada ao pai, Jaime Novo: “nunca unha pode imaxinar / que o sangue do seu pai se retrotaia / preciso coma un pole / ata facer del o neno que foi e que nunca se fora del”, pág. 63), “Da beleza indómita”, “Amor es” e “Harmonía fractal” (os únicos versos que atopamos nesta última son: “feliz / coma un fento”, pág. 145). Ao longo libro, ademais de vivencias, sentimentos e espazos vitais da autora, tamén atopamos, a través de citas, algunhas das súas referencias literarias: Jorge Luis Borges, Dylan Thomas, Anaïs Nin, André Breton, Wallace Stevens, Claudio Rodríguez Fer, Luis Pimentel ou D. H Lawrence, entre outros.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Feliz Idade”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 52 / *Diario de Pontevedra*, “fin_de_semana”, p. 8, 23 marzo 2019.

Explica que o poemario se divide en sete partes, correspondentes a momentos vitais. Salienta que se trata dunha lectura chea de matices, onde as forzas telúricas se mesturan coa capacidade do ser humano de amar, expresada esta última no amor a un pai e a unha filla.

- Miro Villar, “Entre a concepción e a desmemoria”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 102-103.

Aborda o simbolismo de *Feliz idade* de Olga Novo, unha obra de carácter poético que, elaborada de xeito epistolar, vai dirixida a unha filla, cuxo nacemento supón o inicio do libro, que remata coa morte do pai da autora. Esta composición, para a que ten grandísima relevancia o número sete e que consta dese mesmo número de capítulos, versa sobre a maternidade, o dó e a vida no rural e o propio acto de creación poética establécese aquí como sinónimo de liberdade.

- Román Raña, “Ímpeto auroral con cegadora fermosura”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 708, “Libros”, 18 abril 2019, p. VI.

Recensiona o poemario explicando que é unha peza que non só fala da experiencia da maternidade, senón que tamén se adentra na vivencia mística. Salienta o emprego de metáforas cargadas de fermosura e emoción e loa a calidade da obra.

- Ramón Nicolás, “O fento de Vilarmao”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 3 maio 2019, p. 10.

Recolle unha recensión do poemario *Feliz Idade* de Olga Novo na que se destaca o seu marcado carácter metafórico, reflectido nas alusións á xeometría, á arte ou á música, e todo dende un sólido afán libertario. Finalmente afirma que, neste libro, a autora nos convida a saber ver e a sentir a poesía no seu atender ás cousas cotiás e o amor cósmico.

- Mario Regueira, “A quenda das xeracións”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 16 maio 2019, p. 6.

Define o libro como a historia da saga familiar da autora, fuxindo das representacións convencionais e do recurso a conceptos esencialistas. Agradece a perspectiva profunda,

sinxela e diversa que ofrece Olga Novo sobre a maternidade e o tratamento da perspectiva sobre as vivencias co seu pai.

- Teresa Seara, “Arder”, *Tempos Novos*, n.º 264, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, maio 2019, p. 89.

Teresa Seara fai unha recensión da obra *Feliz Idade*, de Olga Novo: “un canto á vida en continuo e total dinamismo, comezando e fenecendo sen pausa”, tal e coma a sinala Seara. O falecemento do pai da protagonista e a relación entre nai e filla son clave para a interpretación da obra, que se desenvolve en sete partes, tendo como características principais a natureza, a beleza e o amor.

Referencias varias:

- Miguel Piñeiro, “Olga Novo presenta en su Brollón natal una de sus obras más íntimas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 31 marzo 2019, p. 13.

Faise eco da presentación de *Feliz Idade* na Casa da Cultura de Brollón. Apunta que o poemario, o sétimo da autora, se divide en sete partes e está composto de 145 páxinas. Tamén se indica que o título fai referencia ao nacemento da filla de Olga Novo e ao pasamento do seu pai

- Daniel Salgado, “Olga Novo. ‘Hai persoas que realizan actos de poesía aínda que despois non escriban un só poema’”, *Sermos Galiza*, n.º 343, “fóradeserie”, 25 abril 2019, pp. 4-5.

Recolle unha entrevista a Olga Novo na que lle preguntan, entre outras cousas, se considera que a poesía é un medio de comunicación co que está por vir ou se esta pode ser entendida como testemuño da historia, por que son tan constantes as referencias á idea e á práctica da liberdade na súa poesía ou por que mudou do seu característico surrealismo de cara a unha expresión máis realista en *Feliz Idade*.

- Teresa Seara, “Conversa coa poeta Olga Novo”, *Tempos Novos*, n.º 264, “Cultura”, “Protexa”, maio 2019, pp. 86-88.

Nesta publicación, Teresa Seara (entrevistadora) transcribe a entrevista feita a Olga Novo (entrevistada) sobre o seu último poemario, *Feliz Idade*. Novo responde algunhas preguntas relacionadas, principalmente, sobre a trama familiar e o discurso da maternidade presente na súa obra, así coma os elementos da terra, lume, amor e beleza tamén presentes, ou as posíbeis conexións deste último poemario con respecto doutras obras propias anteriores.

-José Corderí, “*Feliz idade...*”, *Luzes*, n.º 69, “As libreiras”, xuño 2019, p. 89.

José Corderí, traballadora da librería Aira das Letras (Allariz), recomenda a lectura de *Feliz idade* de Olga Novo. Segundo explica, trátase dun libro dividido en seis partes que contén os sete anos comprendidos dende o nacemento da filla da autora até a morte do seu pai e cuxos temas centrais son a vida, a morte e o amor.

- Ana Abelenda, “Manuel Rivas. ‘As mulleres son as que sosteñen a cultura en Galicia’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”; 27 setembro 2019, pp. 1-2.

Entrevista a Manuel Rivas na que destaca o papel das mulleres como sostedoras da cultura en Galicia. Cita os libros *Feliz idade*, de Olga Novo; e *Infamia*, de Leticia Costas. Tamén destaca a Chus Patro, Lupe Gómez, Dores Tembrás, Oriana Méndez, María Reimóndez, Mercedes Queixas, Iolanda Zúñiga, Yolanda Castaño, Carmen Blanco, Pilar Pallarés e María do Cebreiro.

- Montse García, “Olga Novo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Literatura”, 20 setembro 2019, p. L10.

Faise eco da presentación do libro en Chan da Pólvora, no que a autora estará acompañada polo profesor e escritor Claudio Rodríguez Fer.

- Ana Baena, “Cuatro idiomas para hacer realidad un milagro poético”, *Atlántico*, “Vigo”, 15 decembro 2019, p. 14.

Recolle unha crónica da celebración dunha nova edición de PoemaRía no Centro Camões de Vigo, facendo especial fincapé na intervención de Olga Novo, que presentou o seu poemario *Feliz Idade*.

Lago Barcala, Aleixandre, *Cartafol de Miraxes*, XLIV Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 86 pp. (ISBN: 978-84-16460-57-1).

Como ben indica o extracto do fallo do xurado no interior do libro, *Cartafol de miraxes* foi o poemario gañador do XLIV Certame Literario do Concello de Vilalba en 2018. A lapela da cuberta inclúe información biográfica do seu autor, Aleixandre Lago Barcala, acompañada dunha fotografía en cor deste. O poemario non se divide en partes, pero todas as composicións están recollidas nun índice final, ben polo seu primeiro verso, ben polo seu título. Como indica o título do poemario, os reflexos, os espellos, o que queda nos reflexos do que xa pasou, os recordos, o tempo, a memoria son eixos fundamentais e motivos que fian as composicións do poemario. Ao mesmo tempo, aparece un “eu” que se retrotrae até o seu propio nacemento, pero tamén se move por espazos afastados e exóticos. O familiar e o foráneo conviven, como se exemplifica na convivencia de alusións á mitoloxía galega (o xigante Xerión) a carón de aspectos propios da mitoloxía grecolatina. Se ben estas alusións trasladan ao público lector a outro tempo mítico, todo iso convive nun presente no que ese “eu” se identifica cun mariñeiro que se dirixe á ausencia dunha muller, identificada como “Andrea”. No poemario intercálanse ilustracións con motivos mitolóxicos, realizadas por Antonio Reboredo Raposo.

Referencias varias:

- C. A., “Aleixandre Barcala presenta en Vilalba ‘Cartafol de miraxes’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 8 maio 2019, p. 16.

Indica que o 9 de maio, no Parador de Turismo de Vilalba, se acollerá o acto de presentación da obra de Aleixandre Barcala, gañadora do XLIV Certame Literario de

Poesía do Concello de Vilalba. Explica que o libro, ilustrado con traballos de Álvaro Peleteiro e Antonio Reboredo, está conformado por 43 poemas.

- Marta Mancebo, “Vilalba celebra o bautismo poético do ‘novo trovador’ Lago Barcala”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 maio 2019, p. 28.

Dá conta da presentación da obra gañadora do XLIV Certame Literario Concello de Vilalba nun acto no que participaron o escritor, Aleixandre Lago Barcala, o editor, Henrique Alvarellos, e o rexedor local, Agustín Baamonde. Trátase do poemario *Cartafol de miraxes*, libro co que o seu autor se inicia no mundo da escrita.

López, Yolanda, *A secuestradora de océanos*, Pontevedra: Editora Urutau, xullo 2019, 70 pp. (ISBN: 978-85-7105-071-6).

Poemario asinado por Yolanda López (Ourense, 1976) composto por cincuenta e dúas composicións, que se agrupan en dúas epígrafes: “I. Argazo a contraluz [hemisferio norte]” e “II. Mosaicos de salitre [hemisferio sur]”. Os poemas, de temática diversa, non presenta numeración de ningún tipo, aínda que case todos están titulados -unicamente dous se presentan sen título-. Cómpre salientar que os dous apartados nos que se estrutura a obra comezan cunha breve cita. O primeiro ábrese cunhas palabras de Xohana Torres e o segundo, cunhas de Manoel Antonio. Ademais, nas lapelas da obra Claudia Castro ofrece unha breve aproximación á biografía da autora e algunhas claves de lectura do poemario.

Recensións:

- Vicente Araguas, “No medio do mare”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordésia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.095, 7 xullo 2019, p. 30.

Explica que se trata dun poemario con composicións nos que a autora reivindica a súa condición de muller e no que se deleita en paisaxes interiores e exteriores con “libérrimo” verso. Anima ao público á lectura do volume.

López-Casanova, Arcadio, *Diario da casa grande*, Santiago de Compostela: Pen Clube Galicia, col. Arte de Trobar, n.º 28, outubro 2019, 65 pp. (ISBN: 978-84-09-15043-4).

Como indica a parte posterior da camisa, *Diario da casa grande* é un traballo “de dramático signo memorial”. A lapela da camisa da cuberta inclúe unha fotografía e unha nota biográfica do autor. O índice final recolle a división do poemario en tres partes máis o epílogo: “Presenzas”, “Celebracións” e “Revelacións”. Todos os poemas están titulados. O poemario está precedido por tres citas de Hölderlin, Stefan George e Carles Riba, ademais do paratexto que inicia o poema prólogo “Pórtico”, de Georg Trakl, onde se presenta unha voz poética que inicia un camiño de regreso ao fogar da infancia: “a Casa Paternal” (p.13) ou “Casa grande”. Na primeira parte, “Presenzas”, a voz poética trasládase a un tempo pasado e lembra momentos do cotián: os avós, o pai e a persoa amada, encadrados dentro dun espazo xeográfico chamado “Cidade de Pedra”. Na segunda parte, “Celebracións”, os espazos que arrodean a “Cidade de Pedra” concréntanse, e a voz poética detén a súa ollada na paisaxe natural destes. Na última parte,

“Revelacións”, a voz poética, xa dende o presente, volve ao lugar da infancia e descobre que o lugar xa non é o mesmo, nin a voz poética tampouco. O poema epílogo incide na perda. Daquela, os motivos principais do poemario son o exilio, o amor como elemento salvador da existencia do “eu”, o soño do retorno cara ás raíces mediante a representación da casa e o paso do tempo.

Referencias varias:

- Ruth López, “José de Cora y Manuel Jabois presentan sus nuevos libros los días 11 y 17 en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, 3 decembro 2019, p. 64.

Apunta que o foro ‘Encontros en El Progreso’ tiña previsto albergar o acto de presentación do poemario *Diario da casa grande* de Arcadio López Casanova, pero que circunstancias persoais do autor obrigaron a aprazar o evento.

Mateo García, María José, *No camiño do vento*, Vigo: Edición da autora, febreiro 2019, 71 pp. (ISBN: 978-84-09-08738-9).

No camiño do vento é un poemario póstumo de Sesé Mateo, vítima da violencia machista no ano 2017. No “Limiar” indícase a diversa procedencia dos textos que recolle o libro e define dous grupos principais: un primeiro grupo estaría composto por poemas escritos entre mil novecentos oitenta e dous e finais dos anos noventa do século pasado, e un segundo grupo estaría composto por poemas escritos entre dous mil seis e dous mil dezasete. Explica ademais o contexto de Sesé Mateo como autora bilingüe en galego e castelán dentro dunha xeración de fillas de galegofalantes que foron educadas en castelán. A continuación aparece un texto de Miriam Ferradáns, “Igual ca un tremor de terra”, onde remite á crueldade do crime que levou a vida de Sesé Mateo e a necesidade de facer unha lectura do libro de xeito consciente desa realidade. Incide asemade no xeito en que se transmite a situación dunha muller desamparada nos versos. O poemario non están divididos en partes, pero hai unha ordenación cronolóxica que segue as datas de composición, no caso de que sexa especificada. Hai imaxes da autora no contexto familiar e tamén imaxes de manuscritos da mesma. Os poemas xiran arredor de temáticas diversas, pero sempre dende unha voz poética marcadamente feminina. O desengano do mundo, as imaxes oníricas, a sexualidade, o amor, a soidade, a familia mestúranse con temáticas derivadas da loita social. En concreto, a voz poética posciónase e descríbese a través da súa forza feminina. O libro péchase cun texto de Belén Puñal titulado “A Sesé que non coñecín nos medios” onde critica o tratamento mediático que tivo o seu asasinato, e cunha biografía de Sesé Mateo.

Referencias varias:

- Manuel Jabois, “Sesé aún no ha dicho la última palabra”, *El País*, “Sociedad”, 3 marzo 2019, p. 26.

Artigo que recolle información sobre a vida de Sesé Castro e que finaliza mentando a publicación do libro da man da súa filla e os seus fillos e de mulleres vinculadas á cultura como Sonia Díaz, Helena Torres, Olga Nogueira, Anxos Sumai e Carme Vidal. Indica que son poemas en galego e castelán e que a recadación do libro se doará á Fundación

Mujeres. Cita un dos versos de *No camiño do vento*, indicando que fai unha descrición exacta da súa biografía: “Haz el amor, haz la guerra”.

- Marisol Oliva, “Este libro es una forma de reconstruir nuestra familia”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Redondela”, 5 marzo 2019, p. 24.

Indica que se publicou o poemario póstumo de Sesé Mateo, asasinada a mans da súa exparella o 20 de febreiro de 2017. Explica que no poemario se recollen as composicións que realizou ao longo da súa vida. Salia que a primeira edición de 600 exemplares xa se esgotou e que está no prelo unha segunda impresión. Apunta tamén que se presentará o libro nun acto no que participarán o seu fillo, Joshua Alonso; unha das impulsoras do proxecto, Olga Nogueira; e a responsábel da edición literaria, Miriam Ferradáns.

- A. Pinacho/ M. Clavero, “El apoyo y el cariño de la gente fue muy importante para poder superar la situación”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, “Redondela. Soutomaior. Pazos de Borbén. Fornelos de Montes”, 2 marzo 2019, p. 14.

Faise eco da presentación do libro o 7 de marzo no Multiusos Piñeirial do Crego en Chapela. Indica que no poemario se aborda a xustiza social, o amor, a esperanza e a superación e que as composicións se dividen en dous grupos: un con poemas que compartiu con amizades e outro con poemas extraídos dun caderno que sobreviviu ao atentado machista que sufriu a autora. Apunta que o poemario pode adquirirse no acto de presentación ou a través da web <sesemateo.es.>

- Antonio Pinacho, “Joshua Alonso: ‘Mi madre sigue luchando a través de sus versos’”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, “Redondela. Soutomaior. Pazos de Borbén. Fornelos de Montes”, 8 marzo 2019, p. 13.

Anuncia a homenaxe á vítima de violencia machista Sesé Mateo que tivo lugar no Multiusos de Chapela. No acto, no que se presentou o libro, participaron o fillo de Sesé, Joshua Alonso, Miriam Ferradáns e Olga Nogueira.

- Montse García, “No camiño do vento”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 15 marzo 2019, p. L9.

Informa sobre a presentación do libro de textos e poemas cos que os achegados á familia de Sesé Mateo recordará a súa persoa no segundo cabodano do asasinato machista que rematou coa súa vida.

- M. N., “Doce voces gritan poesía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 marzo 2019, p. 12.

Recolle información sobre os eventos que tiveron lugar en Vigo con motivo do Día Mundial da Poesía. Entre eles, Fátima Delgado presentou *Ninfopoética* e Lupita Hard recitou os versos do libro póstumo de Sesé Mateo.

- Chus Gómez, “Homenaxe a unha muller loitadora”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 30 marzo 2019, p. 61.

Faise eco da presentación do libro o 29 de marzo na librería Paz de Pontevedra, nun acto no que participaron Joshua Alonso, o fillo maior da autora, e Miriam Ferradáns, a

responsábel da edición literaria. Explica que o volume, que saíu á rúa o 20 de febreiro, está á venda por dez euros e a recadación destinarase á Fundación Mujeres. Indican que *No camiño do vento* é un proxecto que sentou moi ben na familia da autora, simbolizando con ela un xeito de poder despedila logo do asasinato machista que rematou coa súa vida.

Mestre, Juan Carlos, *200 gramos de patacas tristes*, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, n.º 20, abril 2019, 130 pp. (ISBN: 978-84-949164-1-0).

200 gramos de patacas tristes é o primeiro poemario en galego do autor berciano Juan Carlos Mestre, como ben indica a lapela da cuberta que tamén inclúe unha fotografía do autor e unha pequena biografía. O poemario comeza tras a dedicatoria “Á riseira memoria de frei Martín Sarmiento / e case todos os seus conveciños”. O volume non está dividido en partes pero as composicións, todas tituladas, están recollidas nun índice final. Estas están escritas en prosa poética e xiran arredor de temas variados: a reflexión literaria, a filosofía, a política, o amor, o paso do tempo. Destaca, sobre todas as composicións, un lene fío argumental sobre a vida durante o franquismo, e por iso a voz poética trasládase ao pasado e afonda nas súas lembranzas da infancia. Observa, pois, a figura do pai e unha serie de persoas coas que coincidiu durante a nenez, e acaba por ficcionalizar as súas vidas. Dende o presente, a voz poética observa ese pasado e destaca o seu esmorecemento.

Recensións:

-Alberto Pombo, “Cosmonauta berciano”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, p. 83.

Dá conta da inclusión de Juan Carlos Mestre, autor berciano maioritariamente en lingua castelá, no panorama literario galego con *200 gramos de patacas tristes*, un compendio de 120 pezas de prosa poética narradas en terceira persoa e dunha variedade temática moi ampla. Tamén se sinala que o recibimento de Mestre na literatura galega está a ser semellante ao que tivo lugar cando se publicaron os *Seis poemas galegos* de Lorca.

Referencias varias:

- Suso Varela, “Juan Carlos Mestre. ‘Hoxe ser cultos implica tamén falar galego, por dignidade e respecto’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 outubro 2019, p. 42.

Informa de que o artista berciano Juan Carlos Mestre presentou o seu primeiro poemario en lingua galega no Teatro Villafranquino do Bierzo nun acto no que estivo acompañado polo presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, e polo editor do libro Miguel Anxo Fernán-Vello. Así mesmo repasa a traxectoria literaria do autor, destacando a obtención do Premio Nacional de Poesía no ano 2009.

Neto, Ramón e Xavier **Queipo**, *Minutos para medianoite*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 85, xullo 2019, 92 pp. (ISBN: 978-84-9151-349-0).

Poemario da autoría de Ramón Neto (Illa de Arousa, 1975) e Xavier Queipo (Compostela, 1957), residentes en Bruxelas e membros do *Collectif de poètes bruxellois / Brussels Dichterscollectief*. Abre o volume un limiar da man de Xurxo Mariño no que

axeitadamente define o volume como “unha pasaxe para transitar sen límites espazotemporais polo sistema dixestivo de dous poetas que saben alimentarse de ciencia”. O poemario segméntase en diversas seccións: “Todo vai de ondas”, cos poemas “Incerteza”, “Ondas e partículas”, “Ghost matter”, “Todo vai (e vén) de ondas” e “Couplets”; “Estratexias adaptativas”, coas composicións “En vagas expansivas”, “Aposematismo”, e “Simulación”; “Invasións celulares”; “Espiral detróxira”; “Materia pendente”; “A persistencia da febleza, coas composicións líricas “Graos de febleza”, “Disolución ascendente” e “Neve mariña”; “Desde o galaciar da noite”, con “Alude” e “Incerteza das pedras do camiño”; “Espiral sinistróxira”, con “Vórtex plástico”, “Mazá ártica”, “Heavy metal”, “Vórtex sintético”; “Isóbaras viscerais”, con “Nos tempos que corren”, “Amido animal”, “Fauna e flora do clima”; “Simultaneamente”; e “Todo transpira desorde”, con “Estrutura e (r)evolución”, “Arredor da medianoite” e “Impsibilidade dunha illa”.

Oliveira, Elisabeth, *Náufragas no mar e na terra*, Pontevedra: Editorial Urutau, novembro 2019, 54 pp. (ISBN: 978-85-7105-160-7).

Poemario dividido en dúas partes ben diferenciadas: “náufragas no mar” e “náufragas da terra”. Tendo en conta que ningún dos poemas é iniciado por un título, compoñen a primeira das partes os poemas iniciados polo verso “*Nadia quería seguir un soño*”, “*Subo a esta balsa*”, “*Somos unha masa*”, “*Nos meus brazos dormes quedo*”, “*Bate nos meus cóbados*”, “*Hai unha lúa tremendo*”, “*Neste lugar a carón do mar*”, “*Coma un arrolo infantil*”, “*Hai unha foto*” e “*Ouveamos*”; mentres que a segunda parte está integrada polos poemas iniciados por “*Era unha boneca*”, “*Son esa muller invisible*”, “*Xa chegou a lúa*”, “*Non remataremos*”, “*Non pidas o meu amor en horario de oficina*”, “*Escolliches a vida cómoda*”, “*Eu sei que ti tamén*”, “*E ti preguntas de que vén*”, “*Podía facerme graza*”, “*Puxen fotos de min*”, “*Ouveamos*”, e “*Voa*”. Segue este poemario unha liña feminista, na que á defensa da muller polo propio feito de selo se lle suma a defensa da muller como nai; todo isto envolvido dun cosmopolitismo evidente na mención constante de cidades de todo o mundo. Este contido basea os poemas que, ademais, seguen unha estética posmodernista, na que se mestura a reivindicación social coa cotiandade dos obxectos ou actos máis populares. Cómpre mencionar, finalmente, que se mesturan poemas de índole máis prosaica con outros nos que se pretende certa musicalidade.

Referencias varias:

- Belén López, “Elisabeth Oliveira. ‘As mulleres libramos unha guerra constante’”, *Diario de Pontevedra*, “A última”, 18 novembro 2019, contracuberta.

Entrevista a Elisabeth Oliveira co gallo da publicación do seu último poemario, *Náufragas no mar e na terra*. Pregúntanlle, entre outras cousas, quen son esas náufragas que dan título ao libro; se tivo claro dende un comezo que ía escribir un poemario; se buscaba axitar consciencias; ou se este é un libro feminista.

Pato, Chus, *Un libre favor*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 84, maio 2019, 104 pp. (ISBN: 978-84-9151-331-5).

En *Un libre favor*, a poeta ourensá presenta unha voz poética que reflexiona sobre si mesma e sobre o mundo que a arrodea e onde esta se move libremente. É un mundo cotiá para a voz poética, reforzado por poemas adicados a figuras coñecidas como Xabier Cordal, Francisco Cortegoso ou Gonzalo Hermo, todos eles situados nun mesmo plano que figuras mitolóxicas como Afrodita. Simultaneamente eses espazos abarcan tempos pasados e presentes. A miúdo a voz poética refírese a un “nós” e a un “ti” que non están identificados. Un dos motivos principais ao longo non só do libro, senón da obra poética de Chus Pato en xeral, é a presenza da auga, que neste poemario se concreta a través da presenza do océano Atlántico, illas, barcas que cruzan ríos, portos ou iglús. A infancia tamén aparece neste poemario cunha frecuencia notábel. Non hai partes distinguíbeis no poemario, razón pola cal existe un índice final de primeiros versos. A contracuberta inclúe unha fotografía en branco e negro e unha biografía da autora.

Recensións:

- Armando Requeixo, “O impropio”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordésia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1092, 16 xuño 2019, p. 30.

Define o poemario como “unha revolución ontolóxica de primeira orde”, no que se aborda o sentido último da vida, dende as orixes até a fin desta, fluíndo na súa traxectoria, en constante cambio.

- Román Raña, “Surrealismo expresivo. A luz do porto non se descifra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 17 outubro 2019, p. VI.

Salienta dúas dimensións na escrita deste poemario: unha directa transmisión sentimental e un compromiso estético que bebe do surrealismo expresivo. Ambas dimensións líganse cun dominio pleno da materia lírica enriquecida cunha asombrosa riqueza verbal.

- Delfín Caseiro, “Construír o idioma (“tal vez poidas escribir un país”)", *Tempos Novos*, n.º 271, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, decembro 2019, p. 82.

Delfín Caseiro fai unha recensión da obra *Un libre favor*, de Chus Pato, que “asenta no mesmo forte desexo de innovación expresiva, cun alento de resonancias míticas e misteriosas”. Trátase dun poemario onde aparecen motivos recorrentes como a natureza (plantas, árbores, auga, pedras, río, vento, aves...) a infancia e o ollar retrospectivo. Caseiro destaca o seu estilo caracterizado, principalmente, por unha poesía sensorial, plástica, suxestiva... en definitiva, nova.

Referencias varias:

- X. L. Méndez Ferrín, “Dous libros de poesía”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 11 novembro 2019, p. 39.

Comenta que visitou recentemente o Concello de Bande e que no instituto desa vila ensinaron Xabier Cordal e Chus Pato. Aproveita a mención para falar da faceta poética de ambos os dous escritores, informando das súas últimas publicacións, nomeadamente os poemarios *Resistencia da auga* (Chan da Pólvora, 2018) e *Un libre favor* respectivamente.

Penela, Carlos, *Ese tépedo vento que pasa sobre o mundo*, Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2018, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora, col. ELBa, n.º 3, decembro 2019, 45 pp. (ISBN: 978-84-121018-3-6).

Carlos Penela obtivo con *Ese tépedo vento que pasa sobre o mundo* o Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón en 2018. O poemario está precedido dun fragmento do poema de Anne Sexton “Admonitions To A Special Person” e unha cita do poeta Wallace Stevens: “The most beautiful thing in the world is, of course / the world itself”. Os poemas, todos titulados, non están diferenciados por partes, e están escritos en verso libre cun corte intimista. Malia iso, existe continuidade temática a partir da experiencia da voz poética, que presenta o temor pola perda dun mundo e a esperanza de poder recuperalo. Para iso, os poemas toman en numerosas ocasións tópicos clásicos como “ubi sunt?” ou “collige, virgo, rosas”, ademais de empregar referencias do mundo mítico grecolatino (Eurídice, Dido e mesmo a *Anábese*). A voz poética sérvese do seu corpo para exercer unha resistencia simbólica ante o árido mundo que se lle presenta, converténdoo en lugar de esperanza sobre un novo rexurdir. Por iso, diríxese a un interlocutor para transmitirle que as palabras e a poesía serán a arma para a súa empresa, e servirán tamén como lembranza ante o temor polo esquecemento, pois permanecerán mesmo despois da senectude. Ese paso do tempo tamén se reflicte en títulos de poemas que aluden ás distintas estacións do ano. Aos paratextos iniciais súmanse outros que aparecen espallados ao longo das composicións, asinados por Nietzsche, Ondaatje, Méndez Ferrín, Auden, Passolini, Pound, Gimferrer, Danilo Kis, Yeats e Richard Howard.

Peña Álvarez, Paulino, *Na pel das árbores do vento*, II Premio do Iº Certame de Poesía Torre de Caldaloba do concello de Cospeito, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, novembro 2019, 56 pp. (ISBN: 978-84-16460-68-7).

Con este poemario, Paulino Peña obtivo o I Premio do Iº Certame de Poesía Torre de Caldaloba do concello de Cospeito, como indica o extracto do fallo do xurado na páxina de créditos do interior do exemplar. O poemario está precedido dun “Saúdo do alcalde de Cospeito”, quen retoma a idea de Paco Ibáñez da poesía coma unha arma cargada de futuro. Seguido deste texto aparece un “Limiar” asinado por Montse González Álvarez. Nel, explica que este é un poemario vivencial, nacido de experiencias que modularon a personalidade do poeta. Tamén indica que no poemario fala un “eu” íntimo que se divide entre a emoción e a lóxica. A continuación aparecen a dedicatoria e dúas citas de Eugénio de Andrade e Román Raña. O poemario non está dividido en partes e consta de vinte e cinco poemas anepígrafos e numerados con números arábigos. A obra, de corte marcadamente intimista, revela unha voz poética que observa o paso do tempo e das estacións. Iso permítelle presenciar os cambios na natureza, como os paxaros e as árbores. Esta observación conmove á voz poética, que con nostalxia e tristeza lembra o pasado atenazado polo medo ao esquecemento. O volume péchase cunha pequena biografía e unha fotografía do autor.

Referencias varias:

- Silvia Iglesia, “Alvarellos edita os libros do Certame Torre de Caldaloba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 6 decembro 2019, p. 20.

Informa de que o Museo das Aves de Cospeito acolleu a presentación dos poemarios gañadores da primeira edición do Certame Torre de Caldaloba, nomeadamente *Caldaloba en terras de Valverde* de Xesús Rábade Paredes e *Na pel das árbores do vento* de Paulino Peña.

Pérez Quintela, Manuel, *Pásame un cabalo polo peito*, Pontevedra: Editora Urutau, 2019, 56 pp. (ISBN: 978-85-7105-163-8).

Tamara Andrés asina o prefacio deste poemario, unha carta que lle escribe ao propio autor na que comeza indicando que cada persoa lerá o libro dun xeito diferente. Despois, debulla todas aquelas cuestións que a ela lle parecen máis salientábeis: a atmosfera de espazos dilatados e de néboa rutineira, a abundancia de sons palatais na linguaxe e, no referente ao contido, as confesións autopoéticas, as imaxes simbólicas e surrealistas, os recontos de danos e de perdas, a exaltación da lentitude e a celebración da beleza. O libro de Pérez Lourido divídese en tres partes: “Anacos dun mesmo” (contén 6 poemas), “Árbores que andan” (18) e “Un día dentro doutro” (14). No primeiro texto do poemario, o autor interpela o lector ou lectora a través dunha “Enquisa” conformada por dez preguntas en clave poética (“Cal é a palabra que máis che proe? / En que cidade volverías nacer? / Cantas formas de chorar coñeces?...”, páx. 11). Despois dese primeiro texto, atopamos unha voz poética masculina que, cansa e melancólica (“recoñézome vencido / polos anos e polos camiños”, páx. 13), vai observando, interrogando, interactuando e mesmo xogando co mundo (“tirado na herba do xoves / vexo / pasar cadaleitos / e collo un anaco de min / e lánzoo no mar, como homenaxe”, páx. 12). O título está extraído do poema “Santa Risa”, no que atopamos dúas claves poéticas que atravesan todo o libro: o amor e a luz que provoca e a levedade como xeito de afrontar todas as cuestións vitais e a propia vida (“Non podes imaxinar / que me pasa cando te vexo rir. / Pásame un cabalo polo peito, / pásame un cabalo ben lixeiro / que me leva lonxe de aquí”, páx. 23).

Referencias varias:

- Belén López, “Manuel Pérez Lourido. ‘A literatura non ten por que levar a ningún sitio’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 novembro 2019, p. 17.

Entrevista a Manuel Pérez Lourido co gallo da publicación do seu último poemario, *Pásame un cabalo polo peito*. Pregúntanlle, entre outras cousas, o porqué do título; por que volveu ao galego despois de ter publicado en castelán; se segue pensando que a poesía é unha arma con máis pasado que futuro; ou se segue sen ter tempo para empezar a escribir unha novela.

Quintiá, Xerardo, *Fornelos&Fornelos. Terceira fundación*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 62, abril 2019, 88 pp. (ISBN: 978-84-9121-515-8).

Poemario conformado por catro partes, “Poemas sobre un mundo constituído con teselas de quita e pon, enlatadas (primeira parte)”, “S/T (segunda parte)”, “O poema (terceira parte)”, e “Poemas sobre un mundo constituído con teselas de quita e pon, enlatadas (cuarta parte)”. Compoñen a primeira das partes os poemas intitolados “Ademais da luz”, “Reencontro”, “Sons”, “Negra sombra / remake”, “Badaladas”, “Herdanza”, “Haikus / 2”, “Ruínas”, “A fantasía do sedentario”, “Nunha suposta calma”; “Un poeta salvaxe”,

“Carriandola”, “Encadeado”, “Presenza”, “A idea de Fornelos”. Na segunda parte son os poemas “s/t/03/07/2015”, “s/t/25/10/2015”, “s/t/18/11/2015”, “s/t/23/04/2016”, “s/t/03/05/2016”, “s/t/13/05/2017” e “s/t/03/05/2018”. É a terceira parte, “O poema”, unha composición única composta por sete partes continuadas; e finalmente a cuarta parte está vertebrada polos poemas “Este é o lugar / 2”, “Despois da tronada”, “Haikus / 3”, “O que perdín”, “Entre a néboa”, “Confluencias”, “Orfandade”, “O filósofo e o río”, “A morte do boi / remake”, “Lectura adolescente”, “Rogo”, “Método”, “O que queda”, “Bucólica”, “Bucólica / 2”, “Antítese e complemento”, “Diletante” e “O vixía / autorretrato”. Un poemario, este, embebido da tradición poética occidental, onde o paso do tempo, que acaba convertendo todo en ruínas (tanto o material coma o ideal), doe; pero é precisamente o labor do poeta descubrir o que o das ruínas queda para chegar a facelas revivir.

Referencias varias:

- Montse García, “Xerardo Quintiá”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 19 xuño 2019, p. L10.

Nota que dá conta da presentación do libro o 19 de xuño ás 20.30 horas na librería Chan da Pólvora, onde o autor estará acompañado de Carlos Negro.

Rábade Paredes, Xesús, *Caldaloba en terras de Valverde*, Premio do I Certame de Poesía Torre de Caldaloba do Concello de Cospeito, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, novembro 2019, 56 pp. (ISBN: 978-84-16460-67-0). Premio Certamen de Poesía Torre de Caldaloba.

Asina o limiar Armando Castosa, alcalde de Cospeito, quen fai referencia á creación do Certame de Poesía Torre de Caldaloba por parte da institución que preside e desexa que se manteña no tempo “para impulsar a creatividade e a cultura a través do símbolo dun símbolo do noso municipio”. O poemario componse de cinco poemas: “Invocación no sitio da Balura”, “Lenda e historia da Torre”, “Celebración do solsticio”, “O sitio de Constanza” e “Caldaloba e Viladonga”. Péchase o libro cunha nota biográfica do autor. Os mitos que orbitan arredor da Torre de Caldaloba constitúen a materia sobre a que se constrúe o poemario, da autoría de Xesús Rábade Paredes, natural de Seixas-Cospeito. A voz poética sitúase ao principio na propia Torre e dede esa altura, coma se fose un bardo, enxerga e transmite a historia precristiá do lugar (“Desde esta nobre torre do reino dos baluros, / esclarecida tribo / do grande e vello reino dos Calecos, / convoco os que cantaron desde as veas a terra / desta Chaira deitada”, páx. 13) para despois laiarse da súa cristianización (“Pero foron cristianados, / finalmente, polas duras. / Así varreron dos vivos / a memoria dos seus mortos, / e onde reinaba unha pena, / unha modia, una medorra, / ergueron unha capela”, páx. 26). O poemario defínese como un mapa que acolle e nos revela a riqueza histórica, mitolóxica, patrimonial e toponímica das terras do lugar, ás que a través da palabra se lles rende tributo (E pago aquí tributo, por vontade e por manda, / aos túmulos sagrados dos avós de milenios, / modias, penas, medorras, coutos, castros e furnas / de celtas e baluros, calecos e coeos, / xente toda de meu, santa compañía / ancestral e telúrica”, pp. 47-48).

Referencias varias:

- Silvia Iglesia, “Alvarellos edita os libros do Certame Torre de Caldaloba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 6 decembro 2019, p. 20.

Informa de que o Museo das Aves de Cospeito acolleu a presentación dos poemarios gañadores da primeira edición do Certame Torre de Caldaloba, nomeadamente *Caldaloba en terras de Valverde* de Xesús Rábade Paredes e *Na pel das árbores do vento* de Paulino Peña.

Rábade Villar, María do Cebreiro, *A herba de namorar*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Domate n.º 86, setembro 2019, 142 pp. (ISBN: 978-84-9151-394-0).

Poemario composto por cincuenta poemas que forman a antoloxía da autora dende a publicación en 1998 de *O estadio do espello* ata a de *Soños. Arquivos. Cartas* no ano de 2018. Composto polos cincuenta poemas que a autora “salvaría se só puidese escoller eses”, é iniciado por un limiar titulado “Os anos perigosos”, no que dá conta da actual situación da literatura galega e da súa propia impresión desta. Comeza a continuación cos poemas sen seguir a orde cronolóxica de publicación destes. O primeiro é “(adeus)”, que xunto a “(intencións)” forman parte de *O estadio do espello*. Atópanse tamén os poemas “se non cruzas a ría, nunca terás néboa nin presenza” de (*Nós, as inadaptadas*); “Forma e contido”, “Crecente”, “Fábula da corda” de *Non queres que o poema te coñeza*; “Lonxa da seda” de *O barrio das chinas*; “Terra”, “Poema de amor”, “Os eucaliptos”, “Lúa”, “Neptuno”, “Saturno” e “Venus” de *Os hemisferios*; “Útero” e “Crucei a única porta que non vía” de *Cuarto de Outono*; “Amarante” de *Non son de aquí*; “Un fio dourado (A crise)” de *Poemas históricos*; ou “O grupo”, poema reconstruído a partires de aforismos do libro titulado, igualmente, *O grupo*. Tamén se inclúen poemas como “Eran follas pequechas” de *A guerra*, colaboración con Daniel Salgado; “O que nós sentimos está para alén das árbores”, “Trátase de imaxinar o encerro”, “E non te asentarás”, “Se todo é unha cuestión de compoñer” e “A memoria é o espazo da reapropiación”, de *Os inocentes*; “O deserto”, “O frío”, “Ismaël et Agar dans le désert”, “O amor” e “O Corazón”, de *O deserto*; “O escudo”, “A suspensión”, “O xeo”, “A escrita”, “O chan”, “O poder e a forza” e “O lume, de *A lentitude*; ou “Non podo soste cos xeonllos o peso do mundo”, “Casei cun home que tiña un faro no ollo esquerdo”, “Hai nomes que queiman os dedos cando escribo”, “Soñeiro cun atentado”, “Hai encontros que duran unha vida” e “Había un cuarto sen ventás”, de *Soños. Arquivos. Cartas*. Aparecen tamén os inéditos “A escrava”, “Fonte da Gándara”, “Lembro a miña tía deitada en posición fetal”, “María morreu de cancro”, “A vaca”, “A herba de namorar” e “Halifax”.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Poesía a corpo descuberto”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 4 outubro 2019, p. 10.

Recensión do poemario de María do Cebreiro, do cal explica que se trata dunha escolma de cincuenta poemas que amosan a súa traxectoria que converxe co vangardismo do último terzo do século XX, a poesía política de inicios do XXI e o impulso da última xeración de novos poetas. Salienta a inspiración en Luísa Castro (*Baleas e baleas*), Méndez Ferrín, Manuel Outeiriño (*Depósito de espantos*), Xabier Cordal, Daniel Salgado ou Ismael Ramos. Tamén destaca do poemario a honestidade creativa e a súa desenvolvemento crecente, sen medo de correr riscos.

- Román Raña, “Obxecto entre suxeitos. Na misteriosa velocidade do silencio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 735, “Libros”, 5 decembro 2019, p. VI.

Recensiona o poemario explicando que se trata dunha selección realizada pola autora de poemas propios publicados entre 1998 e 2018. Defíneo coma unha antoloxía moi persoal, na que conviven moitas velocidades e na que o poema se identifica como un obxecto entre suxeitos. Indica que “atopamos que a artista edifica con ar (...) a habitación do mundo, a súa habitación”.

Referencias varias:

- Montse García, “A herba de namorar”, novo poemario de María do Cebreiro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 11 setembro 2019, p. L9.

Informa de que a escritora e profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada María do Cebreiro acaba de publicar un novo poemario, *A herba de namorar*. Sinala ademais que contén 50 poemas, editados e inéditos, que a poeta escolleu entre toda a súa poesía.

- Ruth López, “María do Cebreiro celebra 20 años de poesía con 50 piezas”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 12 setembro 2020, p. 39.

Celebra que María do Cebreiro cumpre vinte anos como poeta coa publicación da súa última obra, *A herba de namorar*, na que recolle cincuenta pezas éditas e inéditas que se corresponden, en palabras da propia escritora, con aquelas que salvaría se tivese que escoller.

- Montse García, “María do Cebreiro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 10 outubro 2019, p. L9.

Indica que a autora presentará *A herba de namorar* en Numax, acompañada por Ismael Ramos e Berta Dávila.

- Montse García, “Poemas de María do Cebreiro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 11 outubro 2019, p. L9.

Informa de que a escritora María do Cebreiro presentou en Numax o seu último poemario, *A herba de namorar*, onde condensa en cincuenta poemas vinte anos da súa traxectoria literaria.

- Irene Pin, “Do 30-N ao 1-D en Pontevedra. A cultura vai á feira”, *Sermos Galiza*, n.º 374, “*fóradeserie*”, 28 novembro 2019, pp. 2-3.

Anuncia a celebración dunha nova edición do Culturgal no Pazo da Cultura de Pontevedra e fai un breve repaso das actividades planificadas nos distintos espazos que conforman o evento. No plano da literatura, menciona as distintas obras que serán presentadas, entre elas *A herba de namorar*, o último poemario de María do Cebreiro.

- Belén López, “Pontevedra abriga a Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal 2019”, 1 decembro 2019, pp. 6-7.

Informa de presentacións de libros no Salón do Libro de Pontevedra: *Ardora*, de Beatriz Maceda; *A Herba de namorar*, de María do Cebreiro; *Pippi Mediaslongas*; *Frankenstein*, traducido por Samuel Solleiro; *Os homes explícanme cousas*, de Rebecca Solnit; *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e ilustrado por Víctor Rivas; *Be Water*, de Antía Yáñez e *Amani*, de Miguelanxo Prado.

Ramiro, Teresa, *Fundido a negro*, Malpica: Caldeirón, col. Baleeiros, marzo 2019, 49 pp. (ISBN: 978-84-090-9900-9).

Fundido a negro é o primeiro libro individual da poeta Teresa Ramiro, como explica a lapela da cuberta que tamén inclúe fotografía en branco e negro e unha pequena biografía da autora. O poemario de Teresa Ramiro non está dividido en partes nin todos os poemas están titulados, pero todos aparecen recollidos no índice final. O poemario está marcado pola imaxinaría mariñeira onde a voz poética, identificada cunha muller, reflexiona sobre o paso de tempo, a perda da xuventude e da beleza e toma conciencia do corpo habitado. Ao mesmo tempo, a voz poética é consciente da perda da nenez e da inocencia, polo que en ocasións desexa voltar á infancia a través da figura da avoa. Como xa se adiantou, as imaxes do traballo no mar son de suma importancia. Outro dos piares fundamentais do poemario son as composicións adicadas a persoas achegadas.

Recensións:

- Mario Regueira, “A vida contra o verso”, *Sermos Galiza*, n.º 351, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 20 xuño 2019, p. 6.

Salienta a calidade abonda do seu debut na poesía galega, indicando que ofrece unha lírica traballada, que aborda o conflito social e que está baseada nun minimalismo emparentado á potencia expresiva do *haiku*. Non obstante, apunta a unha leve falta de unidade no poemario. Canto á temática, sinala a reflexión sobre o paso do tempo e a súa influencia sobre nós ou sobre o poder da memoria.

Referencias varias:

- Rosa Cal, "Tres mujeres de hoy", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 6 maio 2019, p. 16.

Faise eco da publicación do poemario de Teresa Ramiro e indica que os seus poemas son musicados en Holanda por dúas persoas de renome. Ademais, indica que hai uns meses gañou o concurso poético “Palabras sin nombre”.

- Daniel Salgado, “Teresa Ramiro. ‘A miña poesía non é pesimista, é realista, porque a vida non é fermosa’”, *Sermos Galiza*, n.º 353, “*fóradeserie*”, 4 xullo 2019, pp. 4-5.

Entrevista á autora na cal explica o porqué do título do poemario, a similitude dos seus poemas con escenas e a temática da obra.

Regueira, Mario, *Marco Livorno*, Malpica: Editorial Caldeirón, 2019, 55 pp. (ISBN: 978-84-120762-0-2).

Poemario gañador do XIII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas. Composta por dezaseis poemas, é esta unha obra que atinxe a temática erótica dende unha estética na que relocen, especialmente, os aspectos urbanos e, por suposto, corporais; á par de conceptos relacionados coa conciencia social e, mesmo, co fútbol. Está presente, no percorrido de todo o poemario, a figura do propio Marco Livorno ao cal se dirixe constantemente a voz poética. Comeza o poemario cunhas palabras do autor, nas que aclara a experiencia real, biográfica, na que o poemario en si se sustenta; para dar paso, a continuación, ao primeiro poema, “O campo”, onde se comeza a entrever as distintas relacións que existen entre a voz poética, o destinatario Marco, o fútbol, a temática urbana e mais o fondo social. Continúa con “A liberdade”, “Cometas”, “As estrelas”, “A deportista”, “O tigre”; proseguen “Alba”, “Domingo”, “Camaradas”, “A fuxida”, “Tres”, “Cabalos”, “As amantes”, “Porque te amo” e “O tren”; e culmina con “Ao fondo da terra”. En definitiva, atópase aquí o transcurso dunha relación entre dúas persoas ao longo das distintas escenas que, á fin e ao cabo, a esencializan.

Recensións:

-Vicente Araugas, “Un libro con claves”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*” / *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*” / *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.119, 22 decembro 2019, p. 32.

Destaca o ton reivindicativo do poemario, primando este sobre a temática erótica. Explica que ten como protagonista a un italiano residindo en Ferrol no tempo da crise dos estaleiros. Afirmar que é un dos libros de poesía que máis desfrutou ultimamente.

Rego, Pilar G. *Sandalias verdes, zapatos azuis e cans negros*, Vigo: Edicións Xerais, col. Poesía, abril 2019, 56 pp. (ISBN: 978-84-9121-514-1).

En *Sandalias verdes, zapatos azuis e cans negros*, o público achégase ao primeiro poemario de Pilar García Rego, como ben indica a contracuberta do libro, que tamén inclúe unha nota biográfica da autora. Está dividido en tres partes: “Sandalias verdes”, “Cans negros” e “Zapatos azuis”. As composicións que inclúe cada parte non están tituladas, pero identifícanse mediante o primeiro verso no índice final. O poemario ábrese cunha cun fragmento do poema “Luna congelada” de Mario Benedetti. En “Sandalias verdes”, a voz poética observa o seu arredor, que semella ser unha casa. A observación convida a profundar nas súas lembranzas e, por outra parte, tamén reflexiona sobre a condición feminina. En “Cans negros”, a voz poética reflexiona sobre a vida diaria na casa mentres contempla o mundo e, ao mesmo tempo, lémbrese da infancia e da nai. En “Zapatos azuis” o fío temático xira arredor da perda da figura paterna e o proceso de despedida, procurando apresar o último que queda.

Recensións:

- Román Raña, “Unha obra intensa. Suxestivo título”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, 715, “Libros”, 30 maio 2019, p. VI / *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades en galego”, 8 xuño 2019, p. 7.

Recensiona o poemario *Sandalias verdes*, a *opera prima* de Pilar G. Rego. Comeza reflexionando sobre o título e a enumeración de cores que contén, explicando que comportan un cromatismo que pode entenderse como metáfora da vida ou das distintas emocións que experimentamos ao longo dela. Continúa sinalando que os substantivos empregados, ao igual que as cores, mostran un contraste significativo. Finaliza comentando que a descrición de lugares e feitos adquire unha dimensión simbólica. Reproduce algúns versos para apoiar as análises que vai facendo.

- Ramón Rozas, “O equilibrio da luz”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 190, 30 xuño 2019, p. 6.

Sobre o debut poético da autora, destaca que converte “a escrita nun territorio de expiación íntimo fronte ao tempo”. Sinala que, dende o primeiro poema, sitúa ao lector no arame do tempo e que, partindo de aí, vai construíndo o seu propio territorio dos sentimentos.

- Armando Requeixo, “A cor do Tempo”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*” / *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*” / *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1097, 21 xullo 2019, p. 30.

Explica que o poemario recolle trinta composicións artelladas en tres seccións, incorporando en cada unha das tres un elemento cromático ao seu corpo. Salienta que os versos son un exercicio rememorativo tinguidos coas manchas do tempo, especialmente no primeiro e terceiro bloque. Na segunda sección prevalecen os tintes da tristura.

Ríos, Eli, *Ningunha tortilla é mala*, Premio de Poesía Miguel González Garcés 2018 da Deputación da Coruña, A Coruña: Deputación Provincial, 2019, 85 pp. (ISBN: 978-84-9812-348-7). ♦

Ningunha tortilla é mala foi o poemario galardoado en 2018 co Premio de Poesía Miguel González Garcés da Deputación da Coruña, tal e como indica o fallo do xurado que se inclúe no interior do libro, ademais dos integrantes do mesmo. O poemario, adicado “A Paula polo misto preciso”, está dividido en cinco partes, que se recollen nun índice: “1.- Terra”, “2.- O gume”, “3.- A fervedura”, “4.- A volta” e “5.- O prato e a mesa” e un “Epílogo”. Estas partes, que están compostas por un número variábel de poemas sen título, escritos en verso libre e de corte intimista, remiten ao proceso de elaboración dunha tortilla de patacas. Todo o poemario, pois, xira arredor dese fio argumental. A voz poética observa, na cociña, como a persoa amada prepara unha tortilla de patacas. As accións relacionadas, como os olores, cortar as patacas, dar a volta á tortilla e compartir a comida lévana a reflexionar sobre diferentes aspectos: a convivencia, o cotián, o fogar, o desexo de gardar as lembranzas comúns ou o paso do tempo. No poemario intercálanse debuxos feitos por Lorena Conde relacionados co fio do poemario.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Tortilla para todos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordésia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1094, 30 xuño 2019, p. 32.

Identifica no poemario tons de irracionalismo, combinado cun certo *dirty realism*, no que apela ao erotismo e á gastronomía. Explica que Eli Ríos enche de contido unha tixola na que os ingredientes son os elementos da vida cotiá que se artellan no discurso.

Referencias varias:

- Tamara Montero, “Ordenses de letra afiada”, *La Voz de Galicia*, “El comarcal de Santiago”, n.º 2, “Especial Ordes”, abril 2019, p. 25.

Dá conta do posto en ExpoOrdes que dá a coñecer aos autores máis vencellados á comarca, caso de Eli Ríos, autora de *Remexido de patacas* e *Ningunha tortilla é mala*; Marisol Gándara, autora de *Ata o corazón da mazá*; e Ramón Vilar, que escribiu *Os televisores estráxicos*

Rivadulla Corcón, X. H., *Tankas da vida salgada*, Oleiros: Editorial Trifolium, col. Musa pedestris, xuño 2019, 118 pp. (ISBN: 978-84-947581-1-9).

Este poemario naceu, como indica o autor no prólogo titulado “Breve historia do nacemento dos ‘Tankas da vida salgada’”, da súa amizade con Vitoria Moure Dacosta. Esta muller explicoulle que eran unha forma poética previa aos *haikus*, en concreto, “a primeira forma de poesía tradicional xaponesa que se coñece” (p. 10). Así, Rivadulla Corcón pormenoriza as súas características: son composicións de cinco versos cada unha, cun esquema silábico onde os golpes de voz se distribúen do xeito 5-7-5-7-7. Eses golpes de voz son denominados *onjis*. En relación ao contido, nos tres primeiros versos dos *tankas* reflicte a voz poética un feito relacionado coa natureza, e nos seguintes, a impresión ou pensamento que o feito produce na voz enunciadora. O autor explica despois que na súa aproximación aos *tankas* xaponeses chegou a conectalos coa obra de Uxío Novoneyra e descobre, grazas tamén a Vitoria Moure, que outros poetas galegos cultivaron esta forma poética, como Manuel Casado Nieto ou Cesáreo Sánchez Iglesias. Remata o prólogo explicando o autor que se permitiu tomar certas liberdades estróficas. O libro está composto por unha totalidade de 102 poemas numerados con números romanos, que non están recollidos nun índice final. Ao longo destas composicións destacan as imaxes do mundo mariñeiro: as aves do ceo, as escenas cotiás da vila costeira e a súa natureza provocan a reflexión sobre a beleza, o desengano co mundo, o desexo da eternidade, as lembranzas do pasado, a verdade e a transcendencia. Algúns *tankas* conteñen referencias xeográficas concretas, como Muxía ou o Cabo Touriñán. A lapela da cuberta contén unha breve biografía do autor.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Remando cara á eternidade”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordésia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1103, 1 setembro 2019, p. 30.

Explica a acomodación da fórmula poética xaponesa chamada *tanka* á lírica galega realizada por Xosé Henrique Corcón, cun poemario de 102 *tankas* formados por 18

palabras dispostas nos versos na forma 3-4-3-4-4, cuxos tres primeiros versos reflicten unha contemplación realidade e os dous últimos son a reflexión desta contemplación. Os motivos obxecto desta contemplación son aves mariñas, peixes, cetáceos, moluscos, o vento, o mar de día e de noite e a xente que se dedica ao mundo da pesca.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Xosé Henrique Rivadulla Corcón. ‘A poesía do mar está no traballo dos seus homes e mulleres’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 724, “Entrevista”, 19 setembro 2019, p. V.

Entrevista ao autor no que fala sobre os *tankas* e como os descubriu e decidiu incorporalos á súa poesía. Tamén versa sobre a presenza do mar en toda a súa traxectoria literaria e xornalística.

Silva García, Manuel, *Viaxe ás raíces*, Santiago de Compostela: Andavira Editora, 2019, 75 pp. (ISBN: 978-84-8408-515-7).

Viaxe ás raíces é un poemario que, tal e como reflicte o seu índice, consta de corenta e catro poemas escritos polo xornalista Manuel Silva García, de quen se achega unha pequena biografía e unha fotografía na lapela da cuberta. O poemario ábrese cunha dedicatoria para os netos do autor e, tras ela, aparece un poema a modo de prólogo, onde indica expresamente que escribe dende a madurez para voltar á nenez. Por iso, ben que non hai unha división en partes do poemario, é posíbel establecer que a meirande parte das composicións xiran arredor do tema da infancia. A voz poética, identificada co autor, expresa o seu desexo de voltar á infancia onde podía xogar con outros rapaces, correr polos campos, observar os traballos na aldea e, sobre todo, estar co pai e coa nai. Certamente, a voz poética expresa unha fonda nostalxia, enmarcada en determinados espazos xeográficos. Nun grupo de poemas experimenta coa forma do *haiku*. Outro dos compoñentes de relevancia do poemario é o relixioso, e introdúcense varias citas bíblicas. Existen outros poemas adicados aos netos, e outro grupo de poemas cunha clara intención satírica relacionada co contexto social no que foron escritos.

Solleiro, Samuel, *O mundo dos vivos*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora, col. Chan da Pólvora, n.º 10, agosto 2019, 51 pp. (ISBN: 978-84-949931-1-4).

Tras doce anos de silencio, Samuel Solleiro volve publicar un poemario individual, como se explica na lapela da camisa, que ademais tamén inclúe unha pequena biografía do autor. *O mundo dos vivos* está composto por vinte e un poemas máis un poema-prólogo, todos eles con título salvo o número XIII e recollidos nun índice final. Nese poema prólogo, o autor indica que unha aparición de “Satanás” dirixíndose a el lle indicou que había de escribir outro libro de poesía (p. 7). A continuación comeza o poemario como tal, precedido dun incipit que reza: “O mundo dos vivos / Outro conmovedor libro / de / Samuel Solleiro / escrito á idade / de trinta e cinco anos” (p. 9). As composicións, escritas en prosa poética, versan sobre diversos temas, unidas polo fío dos pesamentos nados da experiencia cotián, o destino, o traballo, o capitalismo, a enfermidade, a saúde ou a morte. Moitos poemas inclúen referencias mitolóxicas e bíblicas xunto con referencias á cultura popular, todas elas asociadas directamente ás anécdotas e experiencias do “eu”. O

poemario péchase unha nota do autor que indica que “Rematei de escribir ‘O mundo dos vivos’ o vinte e oito de decembro de dous mil dezasete, baixo a advocación —si— dos Santos Inocentes”.

Recensións:

- Alberte Valverde, “Colonoscopia poética dun poeta con almanaque”, *Grial*, n.º 224, “O espello das letras”, outubro 2019, pp. 106-105.

Comeza facendo un percorrido pola produción poética previa do autor e logo aborda o poemario en cuestión. A respecto deste, sinala que se abre cun texto programático a xeito de prólogo titulado “Non o corazón”, no que aparecen elementos repertoriais que serán empregados no resto do volume. Logo, ábrese a obra en si mesma, na que a cultura popular máis nova ten un papel fundamental, xa que é empregada como táboa de salvación dirixida a un ser decepcionado co mundo convulso e preocupado polo tempo que foxe. Para Valverde, este poemario constitúe a chegada á idade adulta do poeta, fronte ao que el denomina ‘tendencia o Peter Pan’ no campo literario galego actual.

- Diego Ameixeiras, “Forza, euforia, luz”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 11 outubro 2019, p. 10.

Destaca a capacidade do autor para presentar situacións cotiás cunha turbadora fondura e para incorrer no enredo entre o visíbel e os signos ocultos. Apunta que todo o libro está “atravesado pola obriga de procurar a sinxeleza e abrazar unha visión inocente das cousas”.

Referencias varias:

- Montse García, “Manuel Solleiro”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Literatura”, 19 setembro 2019, p. L8.

Informa da presentación do poemario *O mundo dos vivos* de Samuel Solleiro na librería Chan da Pólvora de Santiago de Compostela nun acto no que o autor se acompaña de Olalla Cociña, Claudio Pato e Antón Lopo.

Tabuyo, Domingo, *Das viaxes maiúsculas*, Premio Camiño de Santiago, Barcelona: Ediciones Carena, col. Carena Poesía, n.º 499, decembro 2019, 117 pp. (ISBN: 978-8417852535). ■

Este poemario foi galardoado co “Premio Camiño de Santiago”, como indica a cuberta e o extracto do fallo do xurado no interior do volume. Na lapela da cuberta inclúese unha breve nota biográfica do autor xunto cunha foto a cor. Tras a dedicatoria aparece o limiar, asinado por Emilio Xosé Insua, onde traza a traxectoria poética de Tabuyo para encadrarlo dentro do sistema literario galego. Incide na independencia e orixinalidade da súa escrita e como se afasta das correntes literarias máis en voga. Este poemario é unha edición bilingüe en galego español. Os textos en galego aparecen nas follas da esquerda, mentres que os poemas en español están nas follas da dereita. O poemario divídese en dúas partes: “A lene suxestión” e “Rituais de tránsito”. Na primeira parte, os poemas non están numerados nin titulados, mentres que na segunda parte si están identificados cunha letra

do alfabeto, do “a” ao “s”. Malia esa división, é posíbel apreciar ao longo de todo o poemario continuidades en temas e motivos. O fío principal é a realización do Camiño de Santiago por parte da voz poética. Nese percorrido indaga nas lembranzas e episodios concretos da súa experiencia vital. Son momentos cotiás, e en moitos deles aparece unha persoa amada que acompaña a voz poética, que non está no seu presente. Na súa peregrinaxe, a voz poética tamén aproveita para coñecerse a si mesmo, polo que os poemas sobre o propio autoconhecimento teñen un peso destacábel. O fío do poemario remata coa chegada da voz poética a Compostela.

Toxo, Xaime, *A casa sen nós*, Santiago de Compostela: Laidvento, col. Ventoalto, n.º 6, agosto 2019, 82 pp. (ISBN: 978-84848-74-50-8).

O poemario *A casa sen nós* ábrese cunha fotografía do autor en branco e negro tirada por Anxo Cabada. Deseguido aparece o índice do poemario Nel non hai división entre partes, senón unha sucesión de poemas con títulos que se repiten, como “Material de mar”, “Caderno en escrita” ou “Primeira marea”. O número total de poemas é de corenta e nove, que se intercalan con diversas fotografías en branco e negro, de autoría non especificada. No poemario, unha voz poética observa o mundo que o rodea, dende a terra e dende o mar. Este último erosiona non só a paisaxe e o barco dende onde se intúe que escribe a voz poética, senón que a ela mesma tamén a erosiona. O “eu” inicia un vagar errático no que reflexiona sobre a dureza da vida vencellada ao mar, o paso do tempo e a ausencia da persoa amada. Entre esas reflexións tamén se introducen as lembranzas sobre a infancia nunha vila mariñeira e os recordos familiares. Ao final das composicións, a voz poética parece rexeitar o seu vínculo co fogar.

Recensións:

- Ramón Rozas, “No trazo da deriva”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “Rue Saint-Antoine”, 5 agosto 2019, p. 45.

Indica que o poemario se presentará o 9 de agosto ás 20.30 horas na Sala Domínguez Búa. Canto ao libro, defíneo como “un caderno de bitácora do que supón converter a vida nunha achega de materiais para facelos escrita”, un poemario relacionado co mar no que cobra importancia o casual, o camiño no que a traxectoria vital traduce a experiencia dunha navegación ás veces incerta. Loa a capacidade do autor para que a linguaxe brille.

- Francisco R. Pastoriza, “Memoria de mar”, *Faro de Vigo*, “el sábado”, n.º 1.134, 31 agosto 2019, p. 2.

Explica que os poemas se artellan en tres espazos temáticos: mareas, materiais de mar e cadernos, e que o mellor xeito de gozar do poemario é deixándose levar polo seu ritmo, a súa expresividade e o seu rico vocabulario.

- Román Raña, “Vivir é zozobrar, Permanencia da orfandade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 740, “Libros”, 28 novembro 2019, p. VI *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades”, 14 decembro 2019, p.7

Recensiona o poemario explicando que se trata dun diario terrestre de follas sen data nas que o autor vai recreando as súas lembranzas feridas e as tempestuosas ausencias no

escenario dunha casa abandonada cargada de melancolía. Identifica na obra unha estrutura circular, que inicia co primeiro poema e termina e culmina co texto da contracapa.

Referencias varias:

- Belén López, “Xaime Toxo. ‘A poesía segue sendo a palabra sagrada, primixenia e orixinal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 10 outubro 2019, p. 46.

Entrevista a Xaime Toxo con motivo da presentación do seu último poemario no Espazo Nemonon, na que estará acompañado de Juan de la Sota, Ramón Rozas, Carmen Quinteiro e Óscar Ibáñez. Na entrevista, responde a preguntas relacionadas cos poemas recollidos no libro, sobre o aspecto biográfico, sobre a casa do poemario, sobre o papel da infancia na vida adulta e sobre como se ve a si mesmo na súa faceta de poeta.

- Cuca M. Gómez, “Un poco de reflexión”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, 12 outubro 2019, pp. 58-59.

Informa da presentación do libro *A casa sen nós*, de Xaime Toxo, no Espazo Nemonon de Pontevedra, nun acto no que o escritor estivo acompañado polo ilustrador do poemario, Juan de la Sota, o crítico Ramón Rozas e a escritora e profesora Carmen Quinteiro.

VV. AA., *Calpurnias. Mulleres poetas ourensás*, ed. Arturo R. Camba, ilustr. Pilar Fernández Pinedo, Ourense: Cuestión de Belleza, n.º 11, marzo 2019, 196 pp. (ISBN: 978-84-944866-9-2).

Calpurnias trátase dun volume colectivo que recolle as voces de poetas da provincia de Ourense. Segundo a “Nota dos editores” que inicia o volume, para eles son de grande importancia as experiencias das poetas como mulleres e como ourensás. Destacan tamén, de xeito condensado, trazos da obra poética de cada unha das poetas incluídas neste poemario e agradécelles a súa achega. Esta descrición tamén se atopa nas lapelas da cuberta e da contracuberta xunto cunha foto das poetas. A continuación aparece un texto titulado “Calpurnias á luz”, asinado pola coordinadora do proxecto Yolanda López, onde explica a xénese do proxecto e o título do volume, pois refírese á “primeira habitante muller existente na historia de Ourense da que se teñen datos” (p. 11). Deseguido aparecen a aportación de cada unha das poetas, ordenadas alfabeticamente e precedidas dunha pequena biografía literaria e unha fotografía en branco e negro. O total das poetas son dez: Alba Cid, Rosa Enríquez, Yolanda López, Arancha Nogueira, Rochi Nóvoa, Celia Parra, Chus Pato, Raida Rodríguez, Marina Sánchez e Montse Villar. Indícase se os poemas que se inclúen son ou non inéditos, e en caso de que non, explíctase o lugar onde apareceron por vez primeira. Os temas dos poemas son consontes á produción poética e individual de cada unha das poetas.

Referencias varias:

- ECG, “Presentación de ‘Calpurnias’ en la librería Couceiro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 novembro 2019, p. 26.

Informa da presentación do libro na librería Couceiro, en Santiago de Compostela. Indica que asistirán ao acto Yolanda López, Marina Sánchez, Montse Villar e o editor da obra, Arturo R. Camba.

VV. AA., *Mirasme, mírote. Un paseo foto-poético pola cara B da Lúa*, Jaén: Terra Saúde, marzo 2019, 60 pp. (ISBN: 978-84-09-08673-3).

Este poemario colectivo contén poemas en galego e castelán de Enrique Suárez López e Javier Ventosa, acompañados de fotografía en branco e negro de Manuel R. Suárez, Esteban de la Iglesia y Javier Ventosa. O poemario está dividido en tres partes, que non están indicadas nun índice: “Bico salgado come doce agrío. O kilo de mazás a sete euros”, “Despois da comida, lior, faria, siesta e dormida. Café e copa dos euros, carallo!” e “Ay dos madriles e o seu cocido. Veñen Percedes coma puños. Ron Bacardi con limón. Sete cincuenta. ¡Nin os médicos, país de tolos”. Na primeira parte, os poemas xiran arredor de temas como o amor, a terra galega, a miseria, a morte, a amizade e a festa. Na segunda os temas principais son a arte, o amor e o cotián. Na derradeira parte, o tema principal é a memoria das amizades pasadas e as lembranzas compartidas con elas

Referencias varias:

- Sonia Portela, “Poemas solidarios y con nombre y apellido”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A la última”, 9 xullo 2019, contracuberta.

Faise eco da presentación a finais do mes de xuño na librería Cronopios deste volume asinado por Enrique Suárez López, Javier Ventosa, Manuel R. Suárez e Esteban de la Iglesia, con prólogo de Mercedes Corbillón. Apunta que o obxectivo do libro é a visibilización da enfermidade mental.

Valle, Luís, *Óstraka*, Vigo: Galaxia, col. Dombate, n.º 82, marzo 2019, 168 pp. (ISBN: 978-84-9151-308-7).

En *Óstraka*, o poeta Luís Valle explora “o esquecemento dunha parte das palabras e dos contextos vitais do eu poético”, como indica a contracuberta do libro, que tamén está acompañada por unha fotografía en branco e negro e dunha pequena biografía do autor. Por iso, ao longo das composicións en verso libre e de ton intimista sucédense unha serie de temas e motivos relacionados con esa proposta, como son a soidade, a exactitude, o silencio, os espazos pechados e abertos, o paso do tempo e imaxes determinadas relacionadas en numerosas ocasións coas cores ou con momentos precisos do día. É tamén moi relevante o fragmentarismo das composicións, marcado pola presenza de corchetes e puntos suspensivos. O poemario está precedido por varios versos de Edmond Jabès, Alejandra Pizarnik e Ramiro Fonte, pero outros múltiples paratextos encabezan poemas ao longo do libro. Os poemas non están divididos en partes, pero están recollidos nun índice final e identificados ou ben polo seu título ou ben polo primeiro verso da composición.

Recensións:

- Armando Requeixo, “A escrita órfica de Luís Valle”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordésia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1089, 26 maio 2019, p. 30.

Repasa a traxectoria de Luís Valle para presentar os poemas de *Óstraka*, nos que o autor camiña polos recordos, “en capas superpostas de herdos textuais e civilizacionais que cómpre decodificar para unha correcta comprensión das mensaxes”. Salienta as referencias de autores esencialistas (Edmond Jabès ou Alejandra Pizarnik), até as alusións á Antigüidade clásica (Alceo, Ariseto), e ás voces galegas (Ramiro Fonte, Uxío Novoneyra, Xosé María Díaz Castro e Lupe Gómez) e referencias cultas (Angelus Silesius, Kafka).

_____, “Nas firgoas do poema”, *Tempos Novos*, n.º 270, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, novembro 2019, p. 90.

Armando Requeixo fai unha recensión da obra *Óstraka* de Luís Valle, un poemario de reflexión intrapersonal que se mergulla nas lembranzas, na memoria e no recordo. A linguaxe que reflexa o horror vacuo, a densidade conceptual, a simboloxía ou a intertextualidade, son algunhas características de estilo que Requeixo sinala como grandes acertos na escrita da obra, da mesma maneira que as referencias á Antigüidade clásica ou á tradición galega, ás veces con tintes esencialistas e metafísicos que recordan a Pizarnik ou a Jabès.

- Román Raña, “Contra as cordas. Poesía de restos e pedazos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 727, “Libros”, 10 outubro 2019, p. VI.

Comeza a recensión salientando o cambio na lírica de Luís Valle, cuxos poemas son agora máis extensos. Explica que a metáfora dos “Óstraka” serve para deducir que as composicións do poemario son anacos que perduran no tempo e que o lector debe descifrar e ordenar completando coa súa imaxinación.

Valeiras, Quico, *O tempo da cireixa*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. DI-VERSOS, 2019, 39 pp. (ISBN: 978-84-949336-5-3).

O tempo da cireixa é un poemario breve (contén unha decena de textos) no que Quico Valeiras emprega a *cireixa* como símbolo arredor do que orbita toda unha historia familiar. Salientábel é o arredamento voluntario que fai o autor da normativa académica da lingua, escribindo dende a fala (“son as linguas [...] as que provocan a detonación das periferias”, pág. 27). O libro está dedicado á irmá, “podadora de cirdeiras”. A tía Isabel está presente en dous poemas: “As maus da tía Isabel” (“Non tiñamos cesta / llo mandil afundía co peso [...] os anos de premer en todo / o tempo das cireixas / a implosión das caricias”, pág. 21) e “O tempo da cireixa” (pág. 36). Os avós son citados no poema “A lembranza das ovellas” (“os avós eran sombras / plantas rodadoras / perdigóns a refuxiarse no ventre dos paxaros”, pág. 23). Sobre a *cireixa*, en “Xenealoxía” senténciase: “A historia das cireixas nada máis / que a poden pronunciar as bocas que as mastigan (pág. 22). Ao longo do texto atopamos citas de autorías da poesía galega contemporánea. Luz Pichel, a primeira delas, asina tamén o limiar do poemario, un estudo exhaustivo dos textos de Valeiras. Logo aparecen Gonzalo Hermo, Lupe Gómez, Lara Dopazo Ruibal e

mais Charo Lopes. *O tempo das cireixas* conta cun par de ilustracións de Alexandre Fernández Sobrado, “Nano”.

Referencias varias:

- Montse García “Quico Valeiras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 2 febreiro 2019, p. L10.

Dá conta da charla que o escritor ourensán Quico Valerías dará no café El Muelle sobre o seu poemario *O tempo da cireixa*.

Varela, Ana, *Onde nacen as hedras*, VI Premio de Poesía Gonzalo López Abente, Vigo: Xerais, col. Poesía, novembro 2019, 64 pp. (ISBN: 978-84-9121-614-8).

O poemario *Onde nacen as hedras* foi galardoado co “VI Premio de Poesía Gonzalo López Abente” no ano 2018, tal e como indica o extracto do fallo do xurado no interior do poemario. Este presenta catro partes que se recollen nun índice final: “os sinais”, “o oráculo”, “a fenda” e “o oco”. O poemario está precedido por dúas citas: unha de Anne Carson e outra de Louise Glück en versión orixinal e traducida. Na primeira parte, “os sinais”, unha voz poética anuncia a chegada dunhas “pragas” (p. 11), levando ao mundo que a arrodea ao caos e a desolación. Na segunda parte, “o oráculo”, a voz poética presenta o seu oficio de escritura nese tempo de abatemento para facer quedar constancia del. Na terceira parte, “a fenda”, debuxa o desmoronamento da casa, e observa o “eu” acompañado dun “ti” as ruínas do que queda da casa tras derrubarse. Desprovistos xa de todo, en “o oco”, a voz poética aprecia o rexurdimento da vida tras a catástrofe. O poemario péchase cunha nota de agradecemento da autora, de quen se achega unha pequena biografía na contracuberta do libro.

Recensións:

- Mario Regueira, “O eco das ruínas”, *Sermos Galiza*, n.º 376, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 12 decembro 2019, p. 6.

Sobre a proposta de Ana Varela, indica que mestura orixinalmente elementos do rural perdido con outros de ton urbano. Destaca tamén a dimensión persoal do seu discurso poético, que se relaciona coa memoria familiar e cunha perda persoal.

Vila Ribadomar, Xosé María, *Mar de la, Noia*: Editorial Toxosoutos, col. Letra Inversa, n.º 31, agosto 2019, 100 pp. (ISBN: 978-84-120613-0-7).

O quinto poemario de Xosé María Vila Ribadomar aparece na colección Letra Inversa de Toxosoutos. No seu limiar, escrito por José Vaamonde e Bea Laya, debuxan unha pequena traxectoria poética de Vila Ribadomar, da que salientan a relevancia do cotián, o visual, o autobiografismo e a nostalxia polos lugares aos que non se volverá. Explican, ademais, que este poemario semella continuar o fio do seu anterior poemario, *O corpo en extinción*, de 2018. O poemario iníciase tras unha dedicatoria e unha cita de “The searchers”. Non hai unha división en partes, os poemas non están titulados e non se recollen nun índice. Ao longo das composicións aparece unha voz poética que

experimenta diversas sensacións derivadas da observación do entorno mariñeiro que o arrodea. Dende o seu presente desexa asir o tempo e celebrar a vida. Somérxese nas súas lembranzas e regresa ao tempo da infancia. Por iso, lembra correr entre o millo, buscar grilos ou lembra ás irmás. Nese pasado cobra especial relevancia o papel da calceta e a la, vencellados co título do poemario. No seu presente láíase das ausencias a partir de escenas da vida cotiá. En diversas ocasións a voz poética diríxese a unha segunda persoa coa que parece manter un vínculo sentimental, que observa en silencio.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Alta costura literaria”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordésia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.100, 18 agosto 2019, p. 30.

Indica que a obra sintetiza os sinais de identidade da lírica de de Xosé María Vila: a lembranza da infancia, o romanticismo agridoce, a melancolía, a metafórica neosurreal, e o verso elíptico. Destaca como singularidade que o libro remata cun limiar que funciona a modo de epílogo.

Villamayor, Sindo, *Ceos de ferro*, A Estrada: Edición do autor, outubro 2019, 79 pp. (ISBN: 978-84-17094-82-9).

Ceos de ferro é o primeiro poemario do estradense Sindo Vilamayor. A lapela da cuberta inclúe unha nota biográfica e unha fotografía do autor. O poemario comeza tras unha dedicatoria, “A meus pais. Mortos”, e agradecementos e unha cita de Manuel Rivas. O libro está dividido en tres partes, recollidos nun índice: “Eu, nobre bruto”, “As mulleres e as augas” e “Ruínas”. O número de poemas de cada parte é variábel, pero todo eles están identificados por números romanos. Na primeira parte, “Eu, nobre bruto”, un “eu” móvese entre un tempo actual e un tempo pasado, onde a través da observación do mundo natural arenga a un “vós” para que inicien unha marcha cara un lugar descoñecido. En “As mulleres e as augas”, o “eu” diríxese a un “ti” ausente, e repasa os vestixios da súa presenza. Ese ti, correspondente á persoa amada, está identificada en numerosas ocasións como unha deidade, pero tamén a través de figuras da literatura universal como Ofelia. En “Ruínas”, o “eu observa” todo o que non vai regresar da súa vida pasada, incluída tamén a muller amada. O poemario péchase cunhas “Notas de lector”, de Eduardo Estévez, onde resalta o “diálogo tenso entre a vida e a morte” (p. 77) e a presenza da dor.

Villar, Montserrat, *Sulagar o soño*, Toledo: Laustra, col. Alcalima, n.º 134, xuño 2019, 228 pp. (ISBN: 978-84120-08-72-2).

Poemario en edición bilingüe galego e castelán, que conta cun limiar da man de Juan Carlos Mestre. Artéllase en torno a tres seccións, “Son”, “U-los homes” e unha terceira parte con vinte poemas Canto a temáticas, identifícase a presenza do fogar materno e a intención de presenciar o mundo. Presente está a metaliteratura, posto que fai alusión aos seus poetas de referencia, como Celso Emilio Ferreiro.

Referencias varias:

- Francisco Martínez Bouzas, “Sulagar o soño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre” 30 xuño 2019, p. 37.

Dá conta da edición bilingüe reversíbel en galego e castelán do poemario de Montserrat Villar González. Explica a segmentación da obra en tres partes e define a súa poesía como “solidaria e reivindicativa”, “un testemuño sen eufemismos da visión dolorosa da realidade”.

Villar Miranda, Cristina, *A auga do lobo*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra Inversa, n.º 32, 2019, 77 pp. (ISBN: 978-84-120613-6-9).

Auga lo lobo trátase do primeiro poemario de Cristina V. Miranda. Tal e como explica e lapela da cuberta, que tamén inclúe información biográfica da autora este poemario é unha homenaxe á figura dos avós. Por iso, está adicado “A Carmen e a Manuel”. No prólogo, asinado pola propia autora, refírese á importancia da memoria no seu poemario, da infancia, e tamén do poemario *Os eidos* de Uxío Novoneyra. Non hai un índice, pero a obra está dividida en tres partes: “Galiza”, “Madrid” e “Galiza”, de novo. Todas as composicións, escritas en verso libre e de corte intimista, están tituladas. Na primeira parte, unha voz poética indaga nas lembranzas asociadas á figura da avoa. Por iso, lembra accións cotiás como coller mazás e conversas sobre o día a día. Dende o presente, a voz poética é consciente do proceso de medrar, e por iso lembra, por exemplo, os primeiros amores ou as primeiras referencias filmoliterarias. Na segunda parte a voz poética, de novo dende o presente fóra de Galicia, é consciente do seu afastamento físico —que non mental— da terra mentres que reflicte situacións do día a día en Madrid. Na terceira parte, a voz poética retoma as lembranzas do pasado e da infancia, pero agora é consciente da ausencia da figura da avoa.

Referencias varias:

- Andrés Bernárdez, “Cristina V. Miranda presenta su primer poemario en el bar Transi”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 27 decembro 2019, p. 28.

Dá conta do acto de presentación da obra *A auga do lobo*, primeiro poemario de Cristina V. Miranda, no Bar Transi da praza de Mazarelos de Santiago de Compostela o día 28 de decembro.

II. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Araúxo, Emilio, *Libro da Ribeira Sacra [Cinsa do vento]*, pról. Arturo Casas, A Coruña: Biblioteca de Mesopotamia, col. Biblioteca de Mesopotamia, n.º 3, maio 2019, 468 pp. (ISBN: 978-84-948565-9-4).

Como indica a sobrecuberta, o *Libro da Ribeira Sacra* é “máis que a cartografía da rexión de dous ríos, o Sil e o Miño”, pois o volume “rastrea os signos, os xestos, e encontra un territorio que ben puidera corresponderse coa totalidade do mundo”. Tras a sobrecuberta, a cuberta descobre unha fotografía a cor da Ribeira Sacra tirada por Manuel Valcárcel. O poemario é unha reedición revisada polo autor do orixinal publicado en 1996 na editorial Noitarenga. No prólogo asinado por Arturo Casas titulado “Ética das verdades, urda de voces”, o poeta e teórico da literatura debuxa o lugar que ocupa na literatura galega este poemario en relación coa produción poética contemporánea, ademais de indagar sobre os conceptos do territorio, a xeografía, a autoría e o proceso creativo. Os poemas de Araúxo reflicten un mundo concretado xeograficamente, pero a través de temas que son comúns á experiencia colectiva galega: a miseria, as tarefas agrarias e gandeiras —tamén viticultoras—, as supersticións, as crenzas, a observación da paisaxe e a súa fauna e flora, e os espazos biográficos das voces que aparecen nas composicións. Estes temas plásmanse nos títulos dos poemas, breves e concisos e que aluden ao contido dos poemas. Todos eles están recollidos nun índice final, seguido dunha nota á edición que indica os cambios gramaticais introducidos nesta reedición.

Referencias varias:

- Lorenzo Fernández, “Impulso á candidatura co ‘Libro da Ribeira Sacra’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 xuño 2019, p. 40.

Dá conta da presentación do poemario *Libro da Ribeira Sacra* de Emilio Araúxo nun acto celebrado no concello de Ribas de Sil que contou coa participación, entre outros, do director xeral de Políticas Culturais Anxo M. Lorenzo, do crítico literario Arturo Casas, e do editor Antón Lopo. Así mesmo, reflexiona sobre o contido do libro e apunta algúns datos sobre a colección na que se integra, nomeadamente Biblioteca de Mesopotamia.

Castro, Rosalía de, *Rosalía de Castro: obra poética e manuscritos*, A Coruña: Boreal Ediciones, 2019, 627 pp. (ISBN: 978-84-8641-075-9).

Compilación de noventa textos de Rosalía de Castro localizados de diversos arquivos públicos e fondos particulares. Inclúese toda a súa obra poética en galego e castelán, o seu único relato en prosa redactado en galego e cartas escritas por ela exhumadas. Amais, ofrécese a reprodución facsimilar dos manuscritos autógrafos de Rosalía de Castro e a súa transcripción.

Referencias varias:

- Luis Planas, “Edición facsimilar que compila os manuscritos da poesía de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 novembro 2019, p. 37.

Informa de que a editorial Boreal vén de publicar unha edición especial da poesía de Rosalía de Castro que se presentou na sede da Real Academia Galega baixo o título *Rosalía de Castro: obra poética e manuscritos*. Así mesmo comenta que contén, en versión facsimilar, os poucos manuscritos que se conservan da escritora.

- Mar Mato, “Un libro xoia descobre a letra a man de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 26 novembro 2019, p. 37.

Apunta que a biblioteca universal galega vén de abrir as súas portas na sección de libros ilustres cun novo libro xoia. Trátase da edición facsimilar dos poucos documentos manuscritos que se conservan de Rosalía de Castro e inclúe até 80 poemas que se conseguiron salvar do lume. Titúlase *Rosalía de Castro: obra poética e manuscritos*.

- G. Novás, “Os manuscritos, en facsímile, e toda a poesía de Rosalía, nun só volume”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 novembro 2019, p. 35.

Recolle a presentación do libro *Rosalía de Castro: obra poética e manuscritos*, que clasifica como un magno volume, publicado pola editorial Boreal, que reproduce en versión facsimilar os escasos manuscritos da autora fundacional das letras galegas contemporáneas. Así mesmo indica que o acto tivo lugar na sede da Real Academia Galega e que participaron, entre outros, o editor Manuel Mariño e o presidente da Academia Víctor F. Freixanes.

Curros Enríquez, Manuel, *O divino sainete*, pról. Xavier R. Baixeras, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, n.º 3, xuño 2019, 144 pp. (ISBN: 978-84-9121-542-4).

Dúas décadas despois da publicación da edición crítica d’*O divino sainete* aparece esta segunda edición dentro da colección Biblioteca das Letras Galegas cunha nova imaxe. A edición, a cargo de Xavier R. Baixeras, contén unha introdución crítica e o texto de Curros Enríquez. Nesa introdución crítica, o editor inclúe varias epígrafes que enmarcan o momento histórico da produción literaria de Curros Enríquez. Por iso aparecen non só datos biográficos, senón tamén un contexto histórico e sociopolítico da Galicia e a España da época, ademais dunha contextualización da literatura galega e a significación da achega de Curros á literatura galega. Por outra banda, o editor tamén ofrece un achegamento a *O divino sainete* mediante unha análise por Cantos, dos recursos estilísticos e lingüísticos. Tamén indica as decisións editoriais tomadas e a bibliografía empregada para o seu traballo. No relativo ao traballo de Curros Enríquez, o texto inclúe notas a rodapé do editor onde explica vocabulario e algunhas referencias sociohistóricas. Non inclúe, en todo caso, notas sobre versións variantes. O volume péchase cun “Glosario” e o índice de contidos xerais do poemario.

Referencias varias:

- R. L., “O divino sainete”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 200, 6 outubro 2019, p. 5.

Dá conta dos principais aspectos da obra satírica de Manuel Curros Enríquez. Achega información dos principais aspectos da obra así como algúns datos de carácter biográfico do autor en cuestión.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, *Estirpe*, Vigo: Xerais, col. Poesía, xuño 2019, 141 pp. (ISBN: 978-84-9121-564-6). ♦

Polo vixésimo quinto aniversario da publicación de *Estirpe*, o Concello de Redondela e a editorial Xerais elaboraron unha edición conmemorativa non venal do poemario de Méndez Ferrín. Con respecto ao orixinal de 1994, esta edición non contén as ilustracións de Gonzalo Araújo. Porén, contén os mesmos poemas, que non están divididos en partes: "Escrito na pedra", "Concheiro", "Serpe", "Illas", "Cervo", "Cabalos", "Espada", "Labirinto" e "Disidencia e fin", "Jerry Lee Lewis", "Quai des Brumes", "Testamento do Ghebo", "Despedida ao Crasto Laboreiro", "Pontevedra", "Buscalque", "En las orillas del Sar", "Sorga", "Homenaxe a Fidel Castro", "Dume", "Acougo", "A gorda que Desata", "Don García, Rei", "O Cambedo", "Perceval", "Seitura", "Curro de Morgadáns", "Miña casaña, meu lar", "Prisciliano", "Irlanda" e "Colofón". Os títulos anuncian as temáticas principais das composicións, marcadas pola mestura de personaxes e lugares dende a Antigüidade que serven para debuxar aspectos da historia de Galicia en clave mítica, ademais de incluír referencias políticas locais e internacionais.

Referencias varias:

- A. Baena, "Méndez Ferrín. 'Os galegos somos como enxertos, non cambiamos moito'", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 xuño 2019, p. 11.

Faise eco do recoñecemento público que a concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Redondela lle rendeu a Xosé Luís Méndez Ferrín con motivo do vinte e cinco aniversario de publicación de *Estirpe*, obra que se reedita agora na editorial Xerais.

Pato, Chus, *Heloísa*, lim. Xabier Cordal, Pontevedra: Editorial Urutau, col. Colección avis rara, n.º. 3, outubro 2019, 52 pp. (ISBN: 978-85-7105-159-1).

Dedicado a Margarita Ledo Andión, e con limiar de Xabier Cordal, preséntase aquí un libro composto por dúas partes; mentres que a primeira delas contén só un poema, "Como será entón o meu nome", a segunda está integrada por vinte e tres, dende "Heloísa trata de elixir o corte para un abrigo" até "O nome da miña nai". É no poema que integra a antedita primeira parte onde se atopa condensada a base de todo o poemario e, mesmo, de toda a poesía de Chus Pato, a teima por encher a realidade de sentido(s); de modo que esta primeira parte actúa coma unha sorte de autopoética. A partires do inicio da segunda parte a voz poética comeza a construír escenas, imaxes, nas que se mesturan elementos do máis cotián, como mercar unha blusa amarela, xogar ao fútbolín ou bailar na discoteca; con outros propios do mundo clásico, nomeadamente o grego, coma Adonis, Edipo ou o oráculo. Todo centrado ao redor da figura de Heloísa, a cal comeza a se esvaecer a partires da metade do libro, á vez que diminúe o ambiente do cotián e aumenta o ambiente máis clásico ou culto. Un poemario no que a reflexión é constante.

Recensións:

-Ramón Rozas, “Urutau, unha rara avis”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 207, 24 novembro 2019, p. 4.

Sobre a reedición do volume, destaca a fermosa edición, ben deseñada e cun formato axeitado. Salienta que volver a mergullarse neste libro de Chus Pato “fainos asumir a poesía como unha celebración do propio feito cultural”.

Referencias varias:

- Belén López, “Chus Pato. ‘A poesía é algo que te atravesa’”, *Diario de Pontevedra*, “*Á última*”, 2 decembro 2019, contracuberta.

Entrevista a Chus Pato con motivo da reedición do poemario *Heloísa*. Pregúntalle, entre outras cousas, se a obra envelleceu ben; que constitúe para a súa autora este libro hoxe en día; se a poesía nos pertence dalgunha forma; ou se, de terse escrito hoxe, esta obra tería sido outra cousa.

Vilanova, Manuel, *74 saudades para ascender aos ceos / 74 saudades para ascender a los cielos*, trad. Vicente Araguas, Madrid: Sial Pigmalión Ediciones, col. Poesía, maio 2019, 252 pp. (ISBN: 978-84-17397-97-5).

Poemario bilingüe galego-castelán asinado por Manuel Vilanova (Barbantes, 1944 - Vigo, 2019). O libro ábrese cun prólogo de Manuel Forcadela, tamén bilingüe, no que se fai unha breve presentación do autor e se afonda nalgunhas das claves interpretativas da obra. Saliéntase que o número de poemas coincide coa idade do autor, aínda que non existe correspondencia entre eles e os anos vividos polo poeta (“non podemos pensar que o poema corenta e seis, por poñer un exemplo, teña algo que ver co ano 1999 en que o autor cumpriu os corenta e seis anos”). Ademais, preséntase o libro como un recapitulación existencial e, polo tanto, como un axuste de contas co vivido. Cómpre salientar que as composicións que o integran, todas elas tituladas e numeradas mediante o sistema numérico romano, foron traducidas aos castelán polo crítico Vicente Araguas.

Recensións:

- Román Raña, “Ligarse co indescifrabel. Para ascender aos ceos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 720, “Libros”, 4 xullo 2019, p. VI.

Indica que o libro póstumo de Manuel Vilanova representa unha encrucillada das idades da persoa, artellando a entrada e saída en si mesmo, valéndose de dúas únicas armas, o corazón e o intelecto.

-Vicente Araugas, “O testamento de Vilanova”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*” / *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*” / *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.104, 15 setembro 2019, p. 32.

Recensiona a obra, de cuxa tradución se encargou el mesmo, explicando que o volume foi corrixido por Verónica Vilaverde e que conta cun prólogo de Manuel Forcadela.

Afirma que o libro é un acto de amor ás orixes do autor en Barbantes no cal o autor semella ser consciente da súa próxima morte.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Vilanova volvió a su Barbantes”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 12 marzo 2019, p. 9.

A propósito do pasamento do poeta ourensán Manuel Vilanova, fai alusión a algunhas personalidades da cultura galega que acudiron ao seu enterro, nomeadamente o director teatral Maximino Keyzán, o fotógrafo Pepe Galovart, e os escritores Manuel Forcadela e Xosé María Álvarez Cáccamo. Tamén indica que Manuel Vilanova faleceu deixando pendente a presentación do seu último poemario: *74 saudades para ascender aos ceos*.

- R. L., “Vigo acoge la presentación del testamento poético de Vilanova”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 xuño 2019, p. 36.

Faise eco da publicación do libro póstumo de Manuel Vilanova e da súa presentación, que terá lugar o 26 de xuño no Corte Inglés de Vigo. Na presentación participaron Basilio Rodríguez, Manuel Forcadela, Avelino Muleiro e Román Raña. Tamén recolle declaracións de cada un dos participantes sobre a obra.

- Xosé María Dobarro, “Versos excepcionais”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 1 decembro 2019, p. 18.

Informa de que acaba de ler *74 saudades para ascender aos ceos / 74 saudades para ascender a los cielos*, poemario que lle regalou Vicente Araguas, quen, por certo, é o responsábel da tradución ao español destes poemas que Manuel Vilanova (1944-2019) escribiu a xeito de autobiografía dos seus 74 anos; un poema por ano de vida, publicados, en edición bilingüe, por Sial / Pigmalión poesía. Co gallo desta obra e do pasamento do seu autor repasa a traxectoria vital e literaria do poeta ourensán e fai alusión ás seguintes obras: *E direi-vos eu do mister das cobras* (1980); *Un banco na Gran Vía* (2016); e *A lenda das árbores de prata* (1985).

II. 3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Cesaire, Aimé, *Caderno dun regreso á terra natal*, trad. Manuel Ángel García Fernández, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Poesía, febreiro 2019, 62 pp. (ISBN: 978-8484874331). ■

Este poemario, asinado por Aimé Cesaire (Basse-Pointe, Martinica, 1913 - Fort-de-France, Martinica, 2008) e traducido ao galego por Manuel Ángel García Fernández, contén un único poema que lle dá título ao libro “Caderno dun regreso á terra natal”, cuxo contido versa sobre o dereito das persoas negras a proclamar unha existencia autónoma. A obra conta, ademais, cunha introdución na que, alén de ofrecerse algúns datos biográficos sobre o autor, se percorre a historia das distintas edicións do poema. A primeira vez que “Caderno dun regreso á terra natal” viu a luz foi en 1939, nas follas da revista parisina *Volontés*. Logo coñeceu distintas edición noutras revistas da época até que por fin en 1947 a editorial Bordas publicou en París a primeira versión impresa en forma de libro, ao mesmo tempo que a editorial Brentano’s publicaba en Nova York unha versión bilingüe (francés-inglés). Ao longo dos anos fóronse sucedendo novas versións, algunhas das cales incluían modificacións considerábeis, como a incorporación dun limiar asinado polo propio autor. En concreto, a edición que traduce para o galego García Fernández foi publicada en 1982 e carece do dito limiar.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Revalorizar a *Negritude*. Intimismo, epopea, diario...”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 708, “Libros”, 11 abril 2019, p. VI.

Recensión do poemario traducido do francés por Manuel Ángel García Fernández. Salienta a complexidade da obra, na que alternan múltiples categorías: intimismo, epopea, monólogo, panfleto etc.

Dickinson, Emily, *Herba abraiada. Poemas de Emily Dickinson*, trad. Marta Dahlgren e Manuel Forcadela, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, col. Poesía, abril 2019, 214 pp. (ISBN: 978-84173-88-21-8).

Esta antoloxía bilingüe de Emily Dickinson (1830-1886) é o terceiro título da colección Poesía de Rinoceronte Editora, que previamente editara outros dous poemarios en tradución: *Poemas canónicos*, do grego Konstantinos Kavafis (2007), e mais *Só o silencio me responde*, da rusa Anna Akhmátova (2007). En *Herba abraiada*, os profesores Marta Dahlgren e Manuel Forcadela ocúpense da escolma e a tradución dos textos da poeta estadounidense, e asinan un limiar no que ofrecen un percorrido vital e literario de Dickinson e no que tamén manifestan as estratexias que adoptaron para traducir unha poética caracterizada pola elipse sintáctica, polas estrofas de catro versos que riman no segundo e no cuarto, polo emprego da maiúscula nos nomes e polo uso de trazos, entre outros. Dahlgren e Forcadela pechan o limiar cunha breve comparanza entre Emily Dickinson e Rosalía de Castro: “Ambas as dúas nacen e morren nas mesmas décadas e, se ben en Dickinson non existe a dimensión popular e social que contén a poesía de Rosalía, manifestan un certo paralelismo temático e visionario que aínda está por estudar”

(páx. 12). Inclúese unha centena de composicións, dispostas en orde cronolóxica, que a poeta escribiu entre 1858 e 1884 (catro deles están sen datar).

Recensións:

- Camiño Noia, “A abella namorada nos campos de Amherst”, *Tempos Novos*, n.º 270, “Cultura”, “Protexa”, “Tradución”, novembro 2019, p. 91.

Camiño Noia fai unha recensión da obra *Herba abraiada. Poemas de Emily Dickinson*, escolma e tradución ao galego feita por Marta Dahlgreen e Manuel Forcadela. Nela, a natureza, a flora, a fauna e o mundo campesiño son algúns dos motivos que cobran especial relevancia nestes versos escollidos. Ben que Noia reconece as dificultades interpretativas que entraña a tradución de textos literarios (sobre todo os poéticos), tamén encomia a solvencia que Dahlgreen e Forcadela amosaron na súa tradución; en palabras da autora: “deron creado versións galegas de Dickinson moi achegadas ao texto orixinal, conservando o ritmo do poema e mantendo as palabras, e, de ser preciso, cambiando a orde das liñas ou desviando os significados”.

Mc Millan, Andrew, *Físico*, trad. Isaac Xubín, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora Editora, col. O Río, n.º 1, 109 pp. (ISBN: 978-84-948565-8-7). ■

Primeiro poemario do autor británico Andrew McMillan (South Yorkshire, 1988), inicialmente publicado en 2015 e vertido agora ao galego por Isaac Xubín. Na lapela da portada do libro, recóllese información biográfica do autor na que se indica que “foi reconecido con *Físico* como a voz poética máis poderosa da última xeración británica do século XX. Explicase aquí que a súa obra chegou a Galicia a través de Francisco Cortegoso e de Gonzalo Hermo, quen traduciu ao galego tres dos seus poemas. O volume preséntase en formato bilingüe, cos textos orixinais en inglés nas páxinas pares e de xeito coincidente as súas traducións ao galego nas páxinas impares. O poemario consta de tres seccións, “Físico”, que recolle os poemas “Xacobe co anxo”, “micción”, “os homes choran no ximnasio”, “culturista”, “ioga”, “rapaces de escola”, “pantala”, “quefaga isto non quere dicir”, “noite de sábado”, “asfixia”, “Leda ás súas fillas”, “hoxe”, “non precisamente”, “ cousas que os homes collen”, e “se non fose polas noites; seguida da sección “Queixa do físico”; e “Degradación”, constituída polos poemas “como ser un home”, “in memoriam”, “ókunna pér runna”, “mañá”, “cando é ruidoso o trebón e furiosa a tempestade”, “o feito de que case matamos un teixugo é algo fortuito”, “revelación”, “agasallo” e “finalmente”; para pechar cunha sección de notas e agradecemento. A primeira sección abre con cita de H. D, en *Bid Me to Live*; a segunda, cunha cita de Virginia Woolf; e a terceira, con referencia a John Riley. A temática principal da obra é o desexo masculino, prestando constante atención ao corpo, na que o autor expón ao lector a súa psique expresando os seus desexos máis profundos. O autor xoga coa distribución do texto nas páxinas e mestura técnicas propias doutros xéneros, caso do poema “como ser un home”, que mestura poesía e teatro.

II. 4. ANTOLOXÍAS

Carvalho Calero, Ricardo, *Antoloxía da poesía em galego*, ed. Paulo Fernández Mirás, pról. Carmen Blanco, Santiago de Compostela: Através Editora, n.º 33, 2019, 239 pp. (ISBN: 978-84-16545-33-9).

Antoloxía poética de Carvalho Calero (Ferrol, 1910 - Santiago de Compostela, 1990), cuxa edición correu a cargo do filólogo da Universidade da Coruña Paulo Fernández Mirás (Ordes, 1990), e que conta así mesmo cun prólogo, «Viagem ao centro do céu com um sorriso», elaborado por Carmen Blanco García (Lugo, 1954), estudosa que fai un repaso á traxectoria como poeta de Carvalho e que asemade achega unha serie de claves interpretativas das distintas etapas e poemas, salientando que «a obra en verso de Ricardo Carvalho Calero tem uma prolongada continuidade que a vincula à sua vida». A antoloxía componse dun total de 115 poemas, extraídos de oito libros do autor ferrolán: *Vieiros*, *O silencio ajoellado*, *Anxo da terra*, *Poemas pendurados dun cabelo*, *Futuro condicional*, *Cantigas de amigo e outros poemas* e *Reticências*, publicados entre 1931 e 1990. Trátase dunha poesía heteroxénea, cun gusto polo culteranismo e cun cariz intimista evidente, onde así mesmo cabe sinalar que se aprecia unha evolución lingüística e ortográfica ao longo de tantas décadas de escrita.

Recensións:

- Mario Regueira, “Reencontrando o poeta”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 17 outubro 2019, p. 6.

Indica que, ás portas do 2020, ano no que se homenaxeara ao autor co Día das Letras Galegas, esta antoloxía, que respecta a forma na que o propio autor fixou por última vez os textos, ofrece unha selección para descubrir un poeta diferente, cunha escolla de poemas que non adozan o tratamento da figura feminina na súa poesía.

Carvalho Calero, Ricardo, *Beleza, verdade*, lim. de Pilar Pallarés, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora, col. Cova da Lontra, n.º 2, outubro 2019, 193 pp. (ISBN: 978-84-121018-2-9).

En *Beleza, verdade*, Pilar Pallarés elabora unha escolma da produción poética de Ricardo Carvalho Calero, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas no ano 2020. No limiar, a autora elabora unha biografía literaria de Carvalho Calero ao compás da súa traxectoria vital. Ademais, contextualiza a súa figura e personalidade na produción poética galega do momento. Pallarés expón as influencias e as principais características dos poemarios do autor. No índice final recóllense os títulos das obras ás que pertencen os poemas escolmados: *Vieiros*, *O silencio ajoellado*, *Anjo de terra*, *Poemas pendurados dun cabelo*, *Saltério de Fingoi*, *Futuro condicional*, *Cantigas de amigo e outros poemas* e *Reticências*... O volume tamén inclúe uns “Textos complementares” do autor, moitos deles cartas persoais a amigos, unha cronoloxía da súa vida e unha bibliografía. As notas a rodapé indican onde apareceron por primeira vez os poemas e explicacións contextuais, pero non son un aparato crítico de variantes.

Castro, Rosalía de, *Rosalía feminista*, ed. Helena González Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, febreiro 2019, 168 pp. (ISBN: 978-84-9121-476-2).

Esta escolma de textos rosalininos xiran, como ben indica o seu título, sobre o feminismo. A súa editora, Helena González Fernández, explica este libro na introdución, titulada “Figuras para un triángulo de fugas”. Nel interpela ao público lector e advirte que non se atopa ante unha escolma ao uso, senón que é unha escolma que supuxo un gran reto na súa elaboración. Tamén fala da importancia desta lectura atravesada polo feminismo, por ser esta unha acción política, afastada doutras lecturas feitas da obra de Rosalía de Castro. Indica que a súa escolma “propón un percorrido narrativo a través das figuras femininas, en plural” (p. 8) e que “os títulos de cada parte indican o modo de lectura” (p. 8). A procedencia dos textos é, por unha parte, da edición de Anxo Angueira de *Cantares gallegos e Follas novas*, ademais da primeira edición de *En las orillas del Sar*. O libro está dividido en seis partes que se recollen nun índice final. Cada unha desas partes contén subdivisións que agrupan os poemas segundo motivos semellantes. A primeira parte, “Daquelas que falan”, inclúe poemas onde as voces poéticas reivindicán o desexo de escribir e o poder de ter voz. A segunda parte, “Abdicar en min. As lañas do amor romántico”, pretende deconstruír a concepción tradicional sobre o amor romántico e as súas institucións. A terceira parte, “Vidas precarias”, inclúe voces de mulleres marxinaadas, como as mulleres anciás, as mulleres pobres, as emigrantes ou as estranxeiras. Na cuarta sección, “Soas, sen amor, sen amo”, indagan sobre a soidade e da dor daquelas mulleres que se ven obrigadas a tomar conciencia da súa situación para poder sobrevivir nun mundo masculino. Na quinta parte, “Viúvas de vivos: nunca máis agardar”, recolle as experiencias de voces marcadas polo fenómeno da emigración. En derradeiro lugar está a sección “Se podes bailar, é a túa revolución” onde, cun ton esperanzador, as mulleres dos poemas incluídos bailan e cantan nun intento de procurar a felicidade ante ese mundo hostil.

Recensións:

- Mario Regueira, “Precursora”, *Sermos Galiza*, n.º 337, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 7 marzo 2019, p. 6.

Sinala a chegada dun novo convite a ler a obra rosaliana con alegría e máis se axuda a entender a relación de Rosalía co seu papel como muller autora nun contexto patriarcal. Non obstante, bota en falta un maior traballo de contexto.

-Lydia Fontoira Suris, “Reivindicación feminista de Rosalía”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 104-105.

Lydia Fontoira Suris informa sobre a publicación de *Rosalía feminista*. *Rosalía de Castro*, de cuxa edición se fixo cargo Helena González Fernández, unha avaliación dos textos da poeta dende unha perspectiva puramente feminista. A interpretación da obra rosaliana dende este punto de vista comezou en 1985 coa celebración do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, a cargo da USC e do CCG, e segue a avanzar lentamente no momento presente.

- Ana Abelenda, “Helena González Fernández’. Rosalía fala do perigo de deixarnos levar polo amor romántico”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 17 maio 2019, p. 3.

Entrevista á autora da antoloxía, que explica a necesidade de explicar a Rosalía na actualidade. Fronte ás preguntas de Ana Abelenda, que considera algúns poemas machistas, afirma que hai que entender os poemas como voces de personaxes costumistas. Finalmente, fala de como ve a Rosalía na actual onda feminista.

- Ana Romaní, “Unha lectura ceiba para unha persistencia apaixonada”, *Tempos Novos*, n.º 269, “Cultura”, “Protexta”, “Poesía”, outubro 2019, p. 82.

Ana Romaní fai unha recensión da obra *Rosalía feminista*, de Helena González Fernández, que recolle unha escolma de poemas de Rosalía de Castro baixo a óptica dos instrumentos empregados por pensadoras contemporáneas coma Judith Butler, Enma Goldman ou Fina Birulés, ademais das referencias de María Xosé Queizán, entre outras, ou as evocacións de Emily Dickinson ou María Mercé Marçal. En palabras de Romaní: “enmarca a lectura con temas do pensamento contemporáneo e explora como emerxe o poema nesas compañías”.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “De Lemaitre á Rosalía feminista”, *La Voz de Galicia*, “Libros”, “Galego”, 15 xaneiro 2019, p. 4.

Nun artigo coas novidades literarias en galego de 2019, amenta *Tres días e unha vida*, de Pierre Lemaitre; *Números vermellos*, de Ana Fontenla; *O último barco*, de Domingo Villar; *Carta a unha profesora*, de Escola de Barbiana; *Pioneiras 2*, de Anaí Rodríguez; e *Rosalía feminista*, de Helena González.

- Ana Abelenda, “El futuro lo escriben ellas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 8 marzo 2019, pp. 1-2.

Recomenda unha serie de obras escritas por mulleres para a reivindicación do Día Internacional da Muller Traballadora. Fai alusión ás seguintes obras escritas en lingua galega: *Rosalía feminista* (Xerais, 2019) de Helena González, *Pioneiras 1* e *Pioneiras 2* (Xerais, 2018, 2019) de Anaí Rodríguez, *Números vermellos* (Galaxia, 2019) de Ana Fontenla, *Senlleiras* (Galaxia, 2018) de Antía Yáñez, *Mamá quero ser Ziggy Stardust* (Xerais, 2018) de Iria Misa e *Os bicos feridos* (Galaxia, 2018) de Anna R. Figueiredo.

Fraga, Modesto, *Poesía amorosa escollida*, Santiago de Compostela: Sacauntos, decembro 2019, 110 pp. (ISBN: 978-84-85385-82-9).

Antoloxía de poemas de Modesto Fraga (Fisterra, 1974), recollidos dos seus poemarios publicados dende 1997, segundo se indica na bibliografía do propio libro: *Do amor salgado* (1997), *Ese extraño silencio* (2002), *Derrotas con raíces* (2007), *Adagio por outono* (2016) e *Devalar sen pel* (2017). Na lapela da portada, ofrécese un listado coas oito obras publicadas que forman parte da bibliografía poética do autor. A selección dos poemas foi realizada polo propio Modesto Fraga, componendo total de 45 composicións líricas todas elas de temática amorosa e presentadas ao longo do libro cada unha delas coa súa correspondente numeración romana, ben que no índice aparecen con títulos. O libro preséntase en formato bilingüe galego castelán, cos poemas orixinais en galego nas páxinas pares e as súas traducións nas impares. Nos paratextos iniciais recóllese a

dedicatoria “Para ti, que amas e les” e un par de citas, de Luis Cernuda e de Antonio Gamoneda.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Arte e poesía para despedir o 2019 na Costa da Morte”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 decembro 2019, p. 36.

Recolle as distintas iniciativas postas en marcha no Concello da Costa da Morte para festexar o Nadal e sinala o acto de presentación do poemario *Poesía amorosa escollida* de Modesto Fraga no Hotel Bela Fisterra.

García Teijeiro, Antonio, *Pasando as follas do tempo. Antoloxía poética (1987-2017)*, prólogo Juan Carlos Martín Ramos, ilustr. Xulio García Rivas, Vigo: Belagua Ediciones y comunicación, marzo 2019, 192 pp. (ISBN: 978-84-949517-3-2).

Volume que recolle unha selección de poemas para lectorado adulto escritos por Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) dende finais de 1980 até a actualidade e seleccionados por M^a Jesús Fernández e Alba Piñeiro, ademais de incluír un caderno poético inédito intitulado “Fragas de luz”. Ábrese cun prólogo de Juan Carlos Martín Ramos no que detalla os temas que abordan as composicións: o paso do tempo, as lembranzas, a infancia, o amor, a súa amada, o sexo, o mar, a poesía, os poetas, a música, os músicos, todo aquilo que o emociona, que o rebela e arde nas súas entrañas. A continuación aparecen poemas de marcada fondura poética nos que a voz lírica amosa a súa alma espida e as cicatrices que a vida deixou nela canda o desacougo dun home sensíbel e desconcertado pola deriva dunha sociedade que manca. Ao mesmo tempo, os versos dan conta da evolución do seu pensamento e da súa poética, cada vez máis minimalista e concisa. As composicións van acompañadas das pinturas en tinta chinesa do artista Xulio García Rivas (Borraxeiros, Agolada, 1947), nas que coa forza da pincelada, o movemento e o dominio da cor consegue crear mundos nos que a serenidade e a paz son os protagonistas.

Recensións:

- Román Raña, “Compromisos en voz alta. Cara á nitidez”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 723, 23 maio 2019, p. VI. / *La Opinión*, “Saberes”, 1 xuño 2019, p. 7.

Recensiona o poemario de Antonio García Teijeiro, cuxos textos foron escollidos por María Jesús Fernández e Alba Piñeiro, explicando que vén acompañado con pinturas de Xulio G. Rivas e prologado por Juan Carlos Martín Ramos. Repasa a traxectoria do autor e afirma que toda a súa produción mantén dous compromisos, coa oralidade e co desacougo interior ante as inxustizas do mundo. Asevera que se aprecia nos seus versos unha evolución cara á nitidez e á transparencia, con poemas máis breves e intensos.

Lopo, María, *Barzhaz Bihan Galiza. Mostra de poesía galega*, Galicia: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Secretaría Xeral de Política Lingüística, outubro 2019, 200 pp. (ISBN: 978-8417094591). ■

Tras a presentación da antoloxía poética *Canto e contracanto. Antoloxía persoal de poetas de Bretaña* (Xunta de Galicia, 2019), na que se recompilaban composicións dunha vintena de autores bretóns e se ofrecía a correspondente tradución dos versos ao galego, María Lopo (Vigo, 1976) asina estoutra antoloxía poética, tamén bilingüe, na que transita o camiño inverso, isto é, na que escolma composicións de poetas galegos que logo presenta traducidas ao bretón. As figuras seleccionadas para representar a nosa literatura neste volume son doce: Eduardo Pondal, co poema “Cando no escarpado cabo”; Rosalía de Castro, con “Cando penso que te fuches”; Manuel Curros Enríquez, con “A Rosalía”; Ramón Cabanillas, con “Terra!”; Manuel Antonio, con “Intencións”; Álvaro Cunqueiro, con “No niño novo do vento”; Ceslo Emilio Ferreiro, con “Longa noite de Pedra”; Luz Pozo Garza, con “Chovía en Compostela”; Manuel María, con Laio e Clamor pola Bretaña”; Xohana Torres, con “Penélope”; Claudio Rodríguez Fer, con “Ololé” e Olga Novo, con “Antes a vida”. A antoloxía está precedida por unha epígrafe titulada “Galicia en Armórica” que corre a cargo de Román Rodríguez, conselleiro de Cultura e Turismo.

Referencias varias:

- Montse García, “Antologías de la ensayista María Lopo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 20 novembro 2019, p. L10.

Informa da presentación das antoloxías *Barzhaz Bihan Galiza. Mostra de poesía galega e Canto e contracanto. Antoloxía de poetas de Bretaña*, editadas por María Lopo, no Centro Ramón Piñeiro en Santiago de Compostela. Así mesmo sinala a participación de Olga Novo, Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo e Valentín García.

- Montse García, “Versos en gallego y bretón”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 22 novembro 2019, p. L10.

Faise eco da presentación no Centro Ramón Piñeiro do volume, no que participaron María Lopo, Olga Novo, Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo e Valentín García, entre outros.

_____, *Canto e contracanto. Antoloxía de poetas de Bretaña*, Galicia: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2019, 197 pp. (ISBN: 978-84-17094-59-1).■

Antoloxía que se abre cun texto do Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García, intitulado “Armórica en Galicia”, ao que precede unha introdución realizada pola encargada da realización desta escolma poética bilingüe, María Lopo (Vigo, 1976) na que contextualiza e explica os motivos de escolla. Amenta o apoio á hora de realizar as traducións de Gwendal Denez, Herve ar Bihan, Marianne Equy, Santiago Lopo, Olga Novo e Claudio Rodríguez Fer. O volume recolle sesenta poemas de vinte autores de Bretaña na que os textos orixinais en bretón, francés e inglés veñen acompañados da súa correspondente tradución ao galego. Os poetas escolmados son Ivonet Omnes, Anjela Duval, Guillevic, Armand Robin, Pêr Denez, Georges Perros, Naig Rozmor, Heather Dohollau, Youenn Gwernig, Xavier Grall, Glenmor, Yves Elléouët, Kenneth White, Gérard Le Gouic, Paol Keineg, Bernez Tangi, Gwendal Denez, Yvon Le Men, Alan Botrel e Nolwenn Korbell.

- Montse García, “Antologías de la ensayista María Lopo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 20 novembro 2019, p. L10.

Informa da presentación das antoloxías *Barzhaz Bihan Galiza. Mostra de poesía galega e Canto e contracanto. Antoloxía de poetas de Bretaña*, editadas por María Lopo, no Centro Ramón Piñeiro en Santiago de Compostela. Así mesmo sinala a participación de Olga Novo, Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo e Valentín García.

Vergara Vilariño, Fiz, *Non deixes que a tardiña me sorprenda. Antoloxía poética*, ed. Yago Rodríguez Yáñez, Vigo: Galaxia, col. Letras Galegas Clásicos, n.º 6, 306 pp. (ISBN: 978-84-9151-393-3).

Nesta antoloxía poética, o profesor Yago Rodríguez Yáñez recolle nun único volume unha escolma da produción poética de Fiz Vergara Vilariño (1952-1997). Para acompañala, o editor presenta un estudo que inclúe, en diversas seccións, a biografía do poeta, enmarcando os aspectos máis salient dos seus poemarios en relación co panorama poético da súa época. Así, dá conta das súas amizades coas personalidades máis senlleiras da época como Manuel María, Antón Tovar ou Xesús Alonso Montero, pero tamén sitúa ao poeta e a súa encrucillada poética persoal, definíndoa como un proceso “dende a súa rebeldía inicial -cando se definía como un ‘anarquista- a unha poesía ideolóxica, fascinada pola colectivización propugnada polo socialrealismo, até desembocar nun galeguismo convencido na estela do nacionalismo” (p. 47). Tamén fai unha achega aos principais temas poéticos, condicionados polas circunstancias persoais: o amor á terra, melancolía, tristura, as ausencias, a procura do amor romántico, a familia e as amizades. Fotografías familiares en branco e negro están espalladas ao longo deste estudo, que finaliza cunha nota sobre as escollas editoriais. Segundo Rodríguez Yáñez, estas están baseadas nos textos mecanoescritos do autor, textos en publicacións periódicas e primeiras edicións dos poemarios. En todos eles aplicou unha “lene actualización ortográfica, recollendo en todo momento o léxico característico do Val do Lóuzara” (pp. 78-79) e unha bibliografía empregada. Os poemarios incluídos e os poemas escollidos de cada un deles están tamén recollidos nun índice final: *Orfo de ti en terra adentro* (1976), *Poeta muiñeiro á deriva* (1982), *Nos eidos da bremanza* (1990), *Pastora de sorrisos* (1993) e *Animal sen fel* (1998). A lapela da cuberta inclúe unha fotografía e unha biografía do editor. Pola súa parte, a lapela da contracuberta inclúe unha relación dos títulos publicados na colección.

Recensións:

- Javier Nogueira, “Un mundo que desaparece”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 212, 29 decembro 2019, p. 4.

Recensión da compilación poética de Fiz Vergara Vilariño realizada por Yago Rodríguez Yáñez. Lembra a figura do poeta e explica que en cada unha das súas composicións “atopamos un pequeno detalle inspirador, un desexo de atrapar o intre fuxidío, unha visión dese mundo que xa desapareceu en boa medida tempo atrás”. Apunta que Fiz Vergara é un dos máis claros candidatos para recibir axiña a homenaxe do Día das Letras Galegas.

VV. AA., *Certame de Poesía. Rosalía de Castro (1997-2018)*, coord. Xulio Couxil. Cornellà. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2019, 396 pp. (ISBN: 978-84-17094-86-7).■

Volume que recolle os textos galardoados, entre os anos 1997 e 2018, nos premios de poesía convocados pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà (Barcelona), e que supón a continuación natural dos títulos *Certame Rosalía de Castro de Poesía en Lingua Galega* (1994) e *Certame de Poesía Rosalía de Castro 1992-1996* (2000). A modo de saúdo atopamos un texto de Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística, quen define o certame como un dos “eventos poéticos máis destacados da Galicia emigrante e territorial”. Achéganse logo os textos “Poesía viva”, de Oliver Fernández Expósito, presidente da asociación; “Entre dous mundos”, de Armando Requeixo, crítico literario e membro do xurado; “Anos de luz”, de Míriam Ferradáns, poeta premiada e posterior membro do xurado; “Rosalía en Cornellà”, de Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, e, por último, “Fiesta de louvanza e recoñecemento”, de Xulio Couxil, coordinador do volume. Reprodúcense, en orde cronolóxica, os poemas recoñecidos no certame. As autorías premiadas en primeiro, segundo e terceiro lugar (agás no ano 2015, onde indicamos a orde excepcional) son as seguintes: Isabel Fernández López, Marcelino Sixto Deibe e Antón Riveiro Coello no ano 1997; Xoán Neira López, Modesto Fraga e Rexina Vega no ano 1998; Carlos Penela Martín, Xosé Emilio Vicente Caneda e Xurxo Alonso no ano 1999; Baldo Ramos, Ana Vázquez Estévez e Cecilio Lago González no ano 2000; Ramón Manuel Vilar Landeira, Xavier Franqueira González e Emma Pedreira no ano 2001; Carlos Fontes, Xoán Xosé García e Lito Caramés no ano 2002; Elvira Ribeiro Tobío, Emma Pedreira e Modesto Fraga no ano 2003; Alberte Momán, Olalla Cociña Lozano e Fernando Díaz-Castroverde no ano 2004; Raida Rodríguez Mosquera, Yolanda López López e Rafael Xoán Muñoz Castro no ano 2005; Gustavo Peaguda Pérez, Alba Cid Fernández e Israel Martínez Veiga no ano 2006; Brais González Pérez, Xerardo Quintiá Pérez e Pablo Bouza Suárez no ano 2007; Cruz Martínez Vilas, Luz Airado Bello e Alba Cid Fernández no ano 2008; Israel Martínez Veiga, Xosé Manuel Formoso Lago e Anxo Ratel no ano 2009; Xosé Manuel Formoso Lago, Luz Airado Bello e Israel Martínez Veiga no ano 2010; Israel Martínez Veiga, Amauta Castro e Xosé Daniel Costas Currás no ano 2011; Cruz Martínez Vilas, Yolanda López López e Anxo Mena no ano 2012; Míriam Ferradáns Ferradás, Cristina Ferreiro Real e Arancha Nogueira no ano 2013; Míriam Ferradáns Ferradás, Verónica Martínez Delgado e Xosé Otero Canto no ano 2014; Rocío Leira Castro (2º premio) e Manuel Dopico (3º premio) no ano 2015; Javier F. Rouco Ferreiro, Míriam Ferradáns Ferradás e Modesto Fraga no ano 2016; Amauta Castro, Juan Lorenzo Collado Gómez e Arsenio Iglesias Pazos no ano 2017 e Isaac Xubín, Manuel Antonio Piñeiro Fernández e Gonzalo Hermo no ano 2018. Péchase o volume coas biografías das persoas premiadas.

Referencias varias:

- ECG, “Aniversario do Certame de Rosalía en Cornellà”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 decembro 2019, p. 29.

Informa da presentación da edición *Certame de poesía Rosalía de Castro (1997-2018)*, que compila os textos de 49 poetas galardoados ao longo dos últimos 20 anos. Tamén se presentará a novela *O pasado e Nácara*, de Pura Salcedo.

VV. AA., *Roseira de rosas roxas. Premios de poesía Manuel Leiras Pulpeiro 2012-2018*, eds. Belén Bouzas e Armando Requeixo, Galicia: Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, Concello de Mondoñedo, 2019, 240 pp. (ISBN: 978-84-17094-58-4). ■

Volume editado por Belén Bouzas e Armando Requeixo no que se recollen os textos galardoados no Premio de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro dende a súa primeira convocatoria no 2012 até o 2018. Vén introducido polos textos “Capital literaria”, de Román Rodríguez, Conselleiro de Cultura e Turismo; “Mondoñedo con maiúsculas”, de Darío Campos Conde, presidente da Deputación de Lugo; “Mondoñedo, poesía no Tempo”, de Elena Candía, alcaldesa de Mondoñedo; e “Roseiras de versos”, da autoría dos editores. O volume compila vinte voces da poesía galega actual e está marcado pola pluralidade canto a estilística e temática dos seus textos. O libro segmentábase en capítulos que corresponden a cadanseu ano de convocatoria. No 2012, recollen poemas de Xurxo Martínez González, Ramón Sandoval e Olalla Barro López; no 2013, Carmen Pereiras, Paulino Peña Álvarez e Jacobo Llamas Martínez; no 2014, Eduard Velasco, Gonzalo Hermo e Xosé Antonio Grela Martínez; no 2015, Elvira Ribeiro Tobío, Óscar García Ramos e Martiño Maseda; no 2016, Miriam Ferradáns, Modesto Fraga e Antón Fortes; no 2017, Lorena Souto, Emilio Salgado Freire e Ramón Sánchez; e no 2018, Martiño Maseda, Alberte Momán e Xurxo Alonso.

Recensións:

- Román Raña, “Rosas plurais. Un espléndido volume”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 725, “Libros”, 6 xuño 2019, p. IV.

Salienta a magnífica idea de publicar aos galardoados nos premios de poesía Manuel Leiras Pulpeiro. Loa o seu deseño gráfico, a escolla do papel, as fotografías e os textos escolmados. Apunta que os autores recollidos abarcan un amplo arco xeracional. Sinala que “atopamos poesía da experiencia, requinte sonetístico, versolibrismo existencial, invocacións teolóxicas, irreverencias dialectais, sarcasmo pintoresco, fulgores metafísicos, profundidades devastadoras, himnos á dor e á desventura, invocacións á república, partituras fotográficas, diálogos parateatrais...”.

VV. AA., *Un xardín de medio lado*, Pontevedra: Urutau, ed. Marcus Daniel Cabada e Wladimir Waz, 2019, 142 pp. (ISBN: 978-85-7105-142-3).

Esta antoloxía, que toma o título dun verso da poeta Silvia Penas, reúne dezasete autorías galegas que forman parte do catálogo de Urutau, selo editorial que dá ao prelo voces poéticas de Brasil, Portugal e Galicia. De cada unha desas dezasete autorías escólmanse tres textos extraídos dos poemarios que cada poeta publicou no marco da editora, moi diferentes tanto no relativo á forma como ao contido: Carla Carbatti (*Na cadência do caos*), Alfonso Rodríguez Rodríguez (*Lobotomía para flores*), Arancha Nogueira (*O único lugar onde ficar inmóbil*), Clara Vidal (*Linguaxes dixitais*), Cristina Corral Soilán (*Ficar*), Fátima N. Delgado (*Ninfoloética*), Moncho Iglesias Míguez (*Tren*), Silvia Estévez Penas (*Fronteira paraíso*), Marcus Daniel Cabada (*Metafísica da ausencia*), Rebeca Baceiredo (*Libro de horas*), Yolanda López (*A secuestradora de océanos*), Patricia Meira (*Non-maternidade*), Eli Ríos (*Se calhar não é o tempo o que importa*), Noa Moreira (*Meteoro imantado*), Gaspar Domínguez (*Matriz de area*), Manuel Miragaia (*O sentido do infinito*) e Ronsel Pan (*O atentado de Ulrike Meinhof*). Reúnense así neste

volumen dun cento de páxinas textos poéticos de temáticas ben diversas: o amor, anticapitalismo, a (non) maternidade e a melancolía ou a memoria familiar e social, entre outras. No eido formal, as achegas oscilan entre a exploración caligráfica e a poesía que se achega á prosa. Ao longo da antoloxía aparecen fotografías en branco e negro de Wladimir Vaz. Nelas adoita aparecer unha única figura humana no medio da natureza.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Poética Urutau”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordesia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.108, 5 outubro 2019, p. 30.

Explica que esta escolma recolle unha tríade de composicións de cada poeta que participa nela. Salienta que o volume representa “un mostrario ben representativo dalgunhas das principais estéticas da poesía actual”.

VV. AA., *Versos Fideis. Premios de Poesía Díaz Jácome para novos creadores 2000-2018*, eds. Belén Bouzas Gorgal e Armando Requeixo. Mondoñedo: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2019, 352 pp. (ISBN: 978-84-17094-87-4). ■

Recompilación de poemas de autores galardoados co Premio de Poesía Díaz Jácome dende o seu inicio no ano 2000 até o ano 2018. Iniciado con texto de Xosé Luís Méndez Ferrín, gañador do premio o ano do seu inicio, contén poemas, ademais, de Estíbaliz Espinosa e Francisco Javier Paredes Costa (gañadores do ano 2001); José Ángel García López, Ramón Echeverri Caamaño e Alicia Fernández (ano 2002); Oliver Escobar Rodríguez e Xacobo Casal Villares (2003); Fátima Núñez Delgado (2004); Lucía Novas Garrido (2005); Diana Varela Puñal e Ramón Noche Fraga (2006); Lucía Mosquera Novoa e Noelia Sánchez Conde (2007); María Luz Airado Bello e Cristina Ramírez Rodríguez (2008); Rocío Leira Castro (2009); Lucía Barrera López e Noelia Martínez Rey (2010); Xurxo Martínez González, Elías Portela Fernández e Xosé Daniel Costas Currás (2011); Anxo Mena Rodríguez, Jesús Castro Yáñez e María Elena López González (2012); Rafael Lobelle González, José Manuel Castiñeira Ramallo e Andrea Maceiras Lafuente (2013); Aleixandre Lago Barcala e Iris Carro González (2014); Mateo Buján Varela, Antía Juncal Avendaño e Raúl Costas Pereira (2015); Alba Sánchez Ares, Tamara Andrés e Daniel Irimia Yáñez (2016); Belén Senín e Héctor Acebo Bello (2017); e Berta Dávila, Alexandre Fernández Peón e Laura López Esteban (2018).

Referencias varias:

- Lois Caeiro, “Torrente lírico en Mondoñedo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25 / *El Progreso*, “Opinión”, p. 37, “Los unos y los otros”, 5 decembro 2019.

Faise eco da presentación do libro, obra impresa froito do traballo de Armando Requeixo e Belén Bouzas Gorgal. Explica que recolle os poemas dos autores distinguidos co premio Díaz Jácome e que conta cun texto de Xosé Luís Méndez Ferrín, gañador da primeira convocatoria no ano 2001.

VV.AA., *Arrincando marcos 2019*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2019, 85 pp. (ISBN: 978-84-949336-8-4). ■

Antoloxía de poetas galegos co fin de, tal como se explica na nota editorial, pretende ser un achegamento da nosa poesía a eliminar lindes con Portugal. Na selección de poetas, na que se atopan composicións de carácter heteroxéneo atópanse Eduardo Estévez, cos poemas “Epitafios para un poeta inexistente”, “a que se refire o poema cando di paisaxe?”, “a bailarina da caixa de música”, “merquei unha parella”, “senta a diario”, “se a terra vira”, “o café sabía amargo”, “reflutación” e “as maceiras; Paula Carballeira, con “Paulo”, “O vento”, “Horóscopo”, “1.”, “12.”, “20.”, e “25”; Quico, con “só”, “durante a última noite”, “A auga”, e “Epílogo”; Raúl Gómez Pato, con “Ninguén pode ventar cal é o preciso”, “Os espellos opacos non reflicten a figura do ser humano con exactitude”, “Pronto alborexou a guerra”, “Discusión”, “Mar”, “Sacrificio”, “Pulvis eris”, “Fingidor”, “Pan”, “Caracol”, “Gato”, “Adriano (76 d. C.-138) Quae nunc abibis”, “Pseudocatón (fin do s. III d. c.) Multa leges facito”, “A fuxida I Saúl Magalhaes Salgado (?-?)”, “A lectura III Xulia Pena Pereira (1880-1971), “Da miña patria”, “Como cuco” e “Quérote como o meu bisavó”; Roi Vidal, con “Ruído”, “Loucura”, “Coñézote”, “Réñeme”, “Mánchame”, “II”, “VIII” e “3”; Rosalía Fernández Rial, con “Detrás do espello”, “Pulso 1”, “Gústos-Nos”, Escena III (Todas as rúas), “Tourinán”, “Fin de núcleo urbano”, “Rúa Principal” e “Computador”; Suso Díaz, con “Autopoética”, “A vida é un intre”, “Resisto na codia duns versos”, “As beiras do inverno perfilan un solpor sen lume”, “Ímonos envolvendo coma luces”, “Que abren estes riscos”, “Na terra azul”, “Porque sangramos cada gota de terra” e “Garranos en cirro”; e Xabier Xil Xardón, con “No tellado do alpendre repousa unha gaiola vella”, “Todo canto fica en pé é”, “o chan non é de carne e óso”, “Coma cobras, meu, coma cobras!”, “O corazón do sapo sabe a lobo sen orellas e tu”, “Chove á volta da esquina”, “Estilo”, “Asubío”, “Nación Paulov”, “Coitados”, “Medran madras de herba mesta a rentes”, “Vertixe era un proceso describíndose a si mesmo”, “Partindo o aire a brazada limpa”, “O meu nome é unha aparición de fío entre buratos e “Non hai lugar para o descoñecido”.

VV.AA., *Visceras de arco irirs. XLVI Edición dos premios literarios “Minerva” 2019* Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro – Revista Vamos, 2019, 122 pp. (Dep. Legal: C 27-2019).

Volume que acolle os textos gañadores da XLVI edición dos Premios Literarios “Minerva”. Na modalidade de poesía, inclúense as composicións merecentes dos primeiro, segundo e terceiro premio, respectivamente, “Arder”, de María Fernández Quiñones; “Antoloxía”, de Jorge Moral Vidal, e “Visceras de arco iris”, de Juan C. Rocamonde Quintela, así como as merecentes dos accésit: “Entre as túas costas e a miña parede”, de Carmen Charle Lestón; “Amores inmaturos”, de Lois Pérez González, e “Tenruras da terra”, de Cristina Souto Pita. En canto ao Premio de Narración, os textos gañadores foron “Papel cosido”, de Alba Pérez Barcala; “Martiria”, de Juan C. Rodríguez Fernández, e “Itinerante”, de Uxía León Fernández; os accésit “O último soño”, de Iago Fraga Vilas, “Petrificada en ámbar”, de Mireya Rodríguez Fernández, e “Carabela”, de Helena Gómez Villanueva.

VV.AA., *Poemas baldeiros para un mundo nihilista. XLVII Edición dos premios literarios “Minerva” 2019* Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro – Revista Vamos, 2019, 122 pp. (Dep. Legal: C 2100-2019).

Ábrese cun limiar titulado “A herdanza galega na literatura hispanoamericana e brasileira contemporánea” da autoría de Luis Alonso Gargado, crítico literario e investigador do Centro Ramón Piñeiro, no que realiza unha breve panorámica dos escritores e escritoras hispanoamericanos e brasileiros vinculados con Galicia por seren descendentes da primeira, segunda ou terceira xeración de emigrantes galegos e procedentes de lugares como Cuba, Bos Aires, Montevideo, Venezuela ou Río de Xaneiro. A seguir, acóllense os textos gañadores da XLVII edición dos Premios Literarios “Minerva”. Na modalidade de poesía, inclúense as composicións merecentes dos primeiro, segundo e terceiro premio, respectivamente, “Poemas baldeiros para un mundo nihilista”, de David Obelleiro Prado; “Navegando na túa electricidade”, de Lorena Fernández Iglesias, e “Introspección”, de Paula Varela Díaz, así como as merecentes dos accésit: “Conxura”, de Fabián Niño Hernández; “Cando sufría”, de Elena García Ortigueira, e “De lóxica e palacio”, de Jonathan Costas Dieste. En canto á modalidade de narración, os textos gañadores foron “Realidade”, de Helena Gómez Villanueva; “Fe”, de David Sánchez Rodríguez, e “Ser ou non ser”, de Alba Guzmán Falcón; os accésit “A neve”, de Iago Fraga Vilas, “Escribe e deixa de pensar”, de Daniel Fernández Artiaga, e “O arquitecto dun soño”, de Héctor Garabatos Vilas.